
ArGaMed 1/2019
eISSN 2695-3951

O *Códice de Florencia* das *Cantigas de Santa Maria* (B.R. 20). Transcripción paleográfica

Elvira Fidalgo
Francisco

Antonio Fernández
Guiadanes



XUNTA DE GALICIA

*O Códice de Florencia das
Cantigas de Santa Maria*
(B.R. 20). Transcripción
paleográfica

Elvira Fidalgo
Francisco

Antonio Fernández
Guiadanes

Edita:

Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP

Manuel González González

Coordinadora da serie

Mercedes Brea

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2019

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela

Tfno. + 34 881 996 152 Fax. + 34 881 996 140

Enderezo electrónico crpih@cirp.gal

<http://www.cirp.gal>

Autores: Elvira Fidalgo Francisco, Antonio Fernández Guiadanes

Título: *O Códice de Florencia das Cantigas de Santa Maria* (B.R. 20).

Transcripción paleográfica

Este traballo monográfico corresponde ao número 1
da revista *ArGaMed. Arquivo Galicia Medieval*

eISSN: 2695-3951

1. Presentación¹

O repertorio afonsino das *Cantigas de Santa Maria* constitúe un marial tan célebre que coidamos que non precisa dunha presentación detallada. Como a obra está recollida en códices grandiosos, estes son ben coñecidos, aínda que só sexa grazas á circulación dalgunha imaxe procedente das súas páxinas miniadas. Para sermos honestos, deberíamos dicir que «o códice» é ben coñecido, referíndonos ó *Códice Rico do Escorial* (RBME T-1-I), porque o *Códice dos Músicos* (Escorial 1-b-2 ou máis comunmente, E) non resulta tan espectacular por carecer de folios completamente iluminados, e o *Códice de Florencia* (B.R. 20)², no seu estado actual, dista moito de ser un códice «vistoso» xa que quedou inacabado. Só conserva cento catro das duascenas cantigas que debería ter contido, a notación musical non foi transcrita e as páxinas miniadas totalmente rematadas son moi poucas, pois boa parte delas ou non se debuxaron ou quedaron a medias ou só presentan a orla que circunda o espazo en que deberían aparecer as figuras. Non obstante, estas «deficiencias» xogan a favor deste imperfecto códice, porque o converte nun raro exemplar que nos permite albiscar cal era o proceso de elaboración formal dun manuscrito miniado e intuír como traballarian os equipos de copistas e iluminadores cando estaban diante dunha tarefa de tal envergadura.

Esta condición de códice inconcluso ou gravemente deteriorado non impide constatar que, en efecto, estamos diante do que podería ser o segundo volume dunha magna obra que se repartiría entre este manuscrito e o precioso códice T, que albergaría a primeira parte. É evidente que no Códice F se respectou o plan arquitectónico que se evidencia en T, o cal xustifica que se fale de «dous volumes» da mesma obra: o texto (normalmente a dúas columnas) foi copiado en tinta ver-

¹ Esta edición é froito da sinerxía de dous proxectos de investigación que traballan cunha mesma finalidade: afondar no coñecemento das *Cantigas de Santa María*. Trátase do Proxecto de Investigación *Las Cantigas de Santa María: de la edición a la interpretación* (Ref.: FFI2014-52710-P), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad e Fondos FEDER e do *Proxecto Cantigas de Santa María* que, dentro da súa matriz, o Proxecto ARGAMED, se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Quero agradecer expresamente a colaboración de Iria Mariño e Ana M^a Louzán que fixeron o primeiro levantamento paleográfico, pero, sobre todo, a Alba Alonso Morais que transformou aquel documento na edición que hoxe presentamos, ademais de ampliar e «ilustrar» os criterios de edición.

² A tradición manuscrita das CSM é sobradamente coñecida polo que non nos imos parar agora nos detalles. Remitimos ó sintético cadro descritivo dos catro testemuños que figura en E. Fidalgo, *As Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais, 2002 (p. 57). Vid., igualmente, Laura Fernández Fernández, «Los manuscritos de las Cantigas de Santa María: definición material de un proyecto regio», *Alcanate*, VIII (2012-2013), pp. 81-118, onde se describen minuciosamente cada un dos manuscritos, así como o proceso evolutivo do programa afonsino, e se proporciona a bibliografía fundamental sobre este aspecto.

mella (o retrouso) e negra (a cobra), coa correspondente notación musical (prevista en F), polo menos para o retrouso e a primeira cobra; o texto acompáñase dunha páxina miniada que reproduce en imaxes (e en liñas xerais) a narración contida no mesmo; as cantigas *de loor* alternanse cada nove *de milagre*, e unha dobre páxina miniada adorna as cantigas quinquenais, de maior lonxitude cás outras, dándolle, dese xeito, preponderancia ó número cinco como número mariano por excelencia³. A primeira páxina do códice verifica que este é a continuación dun manuscrito previo: prescindíuse das cantigas de «intitulación» e de presentación da obra (innecesarias, nun volume II) e o cancionero principiouse cunha cantiga «de milagre» porque a inmediatamente anterior a esta era una «cantiga de loor» (CSM 200)⁴ ou, polo menos, isto é o que se debe supor se nos guiamos polo Códice E que contén o marial completo⁵. Pero falamos de «supor» porque o códice T perdeu o que puido ser o seu caderno final e os versos que podemos ler hoxe no seu último folio corresponden á estrofa número quince da CSM 195 (á que lle faltarían aínda dez estrofas máis).

Non cabe dúbida de que o primeiro folio que nos encontramos hoxe, tan pronto como abrimos o códice, era o primeiro folio do cancionero⁶, xa que presenta unha espléndida imaxe de apertura a ancho de folio, que lembra, pola súa función, aquelas imaxes de apertura dos códices T e E. Estas, ben coñecidas, foron descritas en numerosas ocasións⁷, polo que non imos repetilas aquí. A escena que

3 Non era este o plan inicial no obradoiro afonsino, pero é o que lle outorga a estes códices a súa primacía sobre os seus contemporáneos. Vid. os interesantes estudos de S. Parkinson, «Layout in the Códices Ricos of the Cantigas de Santa Maria», *Hispanic Research Journal*, I, 2000, pp. 243-274 ou «The Cantigas de Santa Maria as the Miracle Collection» en *Cantigas de Santa Maria. El Códice Rico, Ms. T-I-1, RBME* (2 vols.), L. Fernández - J. C. Ruiz Souza, coords., Madrid, Patrimonio Nacional - Testimonio Compañía Editorial, 2011, vol. II, pp. 83-104.

4 Lémbrese que se T remataba nunha «de loor», a secuenciación normal destes textos exige unha cantiga narrativa a continuación.

5 O marial completo está recollido na edición de Walter Mettmann (*Alfonso X, el Sabio. Cantigas de Santa Maria*, 3 vols., Madrid, Castalia, 1986-1989) que é o que se emprega habitualmente e que, con certas excepcións, respecta a ordenación de E. Por esta edición faise referencia á numeración dos textos.

6 Aínda que tamén é posible que presentase outros que contivesen o índice dos textos, se damos credibilidade á noticia que transmite Nicolás Antonio, quen afirma que a mediados do s. XVII o códice contiña «más de doscientos milagros», moitos deles perdidos posteriormente nas sucesivas encadernacións e subtraccións de folios (citado en L. Fernández, «Los manuscritos...», p. 99). É moi raro que se compuxese este índice se o códice quedou sen rematar, xa que, como se sabe, este tipo de táboas adoitan ser confeccionadas *a posteriori*, aínda que como se verá máis abaixo, a elaboración do manuscrito parouse despois do que permite deducir o seu estado actual. Con todo, a vulgar polas táboas de T, farían falla 10 folios para seren copiadas integramente, pero tamén é certo que máis adiante se indicará que nalgún momento existiron dous folios que terían precedido o primeiro folio actual e que poderían conter parte do índice que empezaría páxinas atrás e que se perderon posteriormente.

7 Vid., por exemplo, Laura Fernández Fernández, «Este libro, com' achei, fez á onr' e á loor da Virgen Santa Maria». El proyecto de las *Cantigas de Santa Maria* en el marco del escritorio regio. Estado de la cuestión y nuevas reflexiones» en *Cantigas de Santa Maria. El Códice Rico, Ms. T-I-1, RBME* (2 vols.), L. Fernández - J. C. Ruiz Souza, coords., Madrid, Patrimonio Nacional - Testimonio Compañía Editorial, Vol. II, pp. 45-78 (pp. 57 e 59).

podemos contemplar no códice de Florencia non ten nada que ver con aquelas outras. Aínda que igualmente debuxada a ancho de folio, está claramente dividida por un elemento arquitectónico que separa dous cadros completamente distintos. Á dereita, vese o rei, de fronte, debaixo dunha das tres famosas arcadas góticas que coñecemos nas anteriores imaxes de presentación. Estase dirixindo ós seus súbditos mentres que coa man dereita sinala unha escena nesa mesma dirección. Esta segunda estampa, de carácter plenamente celestial, vén dividida en dous espazos dispostos nunha segmentación horizontal. Na parte superior, dentro dun semicírculo que representa o ceo, vense dúas portas abertas pintadas en dourado que permiten contemplar no medio a figura do Pai entronizado; debaixo, outra vez a Virxe, de pé, co Meniño no colo e flanqueada por dous anxos, que toca a porta da parte superior. A imaxe completa está enmarcada por un remate de tipo floral (flores cun botón central dourado e catro pétalos ovaes en disposición cruciforme), alternando cada tres cos emblemas de Castela e León tal como os coñecemos en tantas viñetas das miniaturas do códice T. Malia que a descrición sexa moi rudimentaria en comparación ca ilustración, coidamos que non fan falla máis pormenores para apreciar a enorme diferenza que media entre a imaxe de F e as dos outros manuscritos: xa non se trata da imaxe do rei-autor que amosa a súa obra xunto cos seus artífices, senón que se presenta o rei como transmisor da devoción á Virxe, igual que aparecía en tantos cadros das cantigas de loor de T⁸. Incluso posúe unha cartela superior (no seu espazo correspondente) na que podemos ler: «A que as portas do ceo abriu por nos salvar, poder á nas deste mundo de as abrir e cerrar», en azul o primeiro hemistiquio, en vermello o segundo. Este fragmento coincide cos dous versos do refrán da cantiga, convertidos agora nun título explicativo da imaxe e do texto, pois esta composición carece da rúbrica que, a modo de título, precede cada unha das cantigas en tódolos manuscritos.

De calquera xeito, é unha magnífica imaxe para a apertura dun códice. Non foi pensada na mesma liña cá dous outros códices, precisamente, porque este foi interpretado como a prolongación dun manuscrito anterior e non correspondía agora volver presentar o «autor» da obra, polo menos, non como fora presentado xa a principios do volume I. Preferiuse unha ilustración cargada cunha mensaxe de non menor peso có das outras estampas iniciais: a oración á Virxe abre as portas do ceo ós cristiáns, do mesmo xeito que o rei abre este libro de preces que pon a disposición dos seus súbditos. Ámbolos dous, María e Afonso, exercen de intermediarios diante da divindade, cada un no seu espazo: o rei na terra (entre a súa xente e Santa María); a Virxe franqueando a entrada no Paraíso. Pero, por moito contido simbólico que conteñan estes cadros, non deixan de ser a ilustración dunha *cantiga de milagre* que será, como tódalas demais, debidamente ilustrada no folio seguinte (fol.

8 Pensamos, particularmente, na CSM 50 do códice T, fol. 74 v, viñeta 1, na que tamén podemos ver a Alfonso X como «intermediario» entre a Virxe e os seus súbditos, ou na CSM 160 no que atinxe á imaxe do rei subliñando a bondade da oración á Santa María.

2r) nas súas seis viñetas, como corresponde a cada cantiga (non quinquenal) no proxecto afonsino. Porén, non se trata dunha cantiga calquera, pois o texto gravita arredor do tema das portas que se abren, como se anuncia na cartela da imaxe superior, que é o primeiro que se le tan pronto como se abre este novo códice.

No seu estado actual, advértense distintas numeracións, feitas en moi diferentes épocas. Por un lado temos números arábigos, ás veces con trazos moi pouco visibles, que na marxe superior esquerda do folio lle outorgan unha ordenación correlativa ás cantigas que contén o manuscrito (e que é a que se segue actualmente cando nos referimos exclusivamente a F), aínda que non se tivo en conta que xa daquela faltaban textos por perda ou subtracción de folios. Por outro lado, os folios volvéronse numerar na marxe superior dereita do recto, de maneira moi visible e que serve igualmente de guía para indicar a situación dos textos e das miniaturas, con idénticas precaucións. Finalmente, no reverso dalgúns folios, centrada e en números romanos, percíbese unha numeración enganosa porque parece da época de composición dos textos (desde logo é anterior ás numeracións en arábigo) e que, coas súas deficiencias, resulta útil para determinar a secuencia dos cadernos e o seu estado de conservación. Empeza no fol. 2v (cantiga 2 de F ou F 2) e no número IV, o cal indica que había, cando se levou a termo esta demarcación, outros dous folios anteriores ó primeiro folio actual⁹. O seguinte número é o VI no fol. 4v e o seguinte (VII), apenas lexible, no fol. 5v¹⁰ e non volvemos atopar outra cifra destas (a XV) ata o fol. 11v. A numeración romana volve desaparecer ata o fol. 21v¹¹, páxina miniada, que ten o número XXXIII, co que se enceta unha serie correlativa ata o fol. 29v co número XLII, aínda que o fol. 30v non ten número romano e o fol. 31v presenta un número gasto, que podería coincidir co L (é dicir, que entre os fols. 30 e 31 había inicialmente 6 fols.). A numeración romana non reaparece ata o fol. 34v, onde xa se aprecia claramente o número LI, pero é evidente que entre os L e LI se intercalaron varios folios perdidos a día de hoxe, ademais dos actuais 32 e 33¹². A partir do número LI (fol.

⁹ Repásese agora no que se expuxo na n. 6.

¹⁰ Despois deste falta un folio que debería conter o resto do texto de F 5 (CSM 205) e o primeiro folio dos dous miniados que corresponden a unha cantiga quinquenal, cuxa segunda páxina pode contemplarse no fol. 6r., e, polo que parece, falta outro folio máis para ter a serie completa. (Temos que advertir que tanto a descrición como a transcripción do códice foron realizadas sobre a edición facsimilar do mesmo, *Edición facsimilar del Códice B.R. 20 de la Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia*, Madrid, Edilán, 1989-1991, vol. I, de gran fidelidade ó orixinal para os aspectos que nos interesan).

¹¹ Hai evidencias de perda de folios nesta secuencia. Por exemplo, a cantiga F 20 (CSM 306) está copiada no fol. 21r, pero só a partir da segunda estrofa. Temos que supoñer, pois, que o comezo estaría copiado nun folio previo, perdido, que contería tamén as imaxes de F19. Así mesmo, falta polo menos un folio entre os actuais 13 e 14 e outro entre o 16 e 17, xa que non hai miniaturas entre ambas as dúas cantigas. Se atendemos unicamente á numeración romana, faltarían dous folios na primeira serie (xv = 12v, 13v non ten numeración e xix = 14v) e na segunda bastantes máis, pois entre o fol. 15v (= xx) e o 21v (= xxxiii) debería de haber catorce folios e só hai cinco.

¹² O folio 31r contén o texto de F 27 (CSM 240) e no verso debería estar o texto miniado, pero quedou reducido ó debuxo da orla. O actual folio seguinte (32r, F 27bis) contén igualmente imaxes (inacabadas) pero que corresponden xa a outro texto, que non é de loor (CSM 326). O verso (32v) e o 33r conteñen o

34v), a numeración é consecutiva¹³ ata o xcvi (fol. 79v) etc.

Non é a nosa intención ofrecer unha descrición codicolóxica detallada nestas páxinas, senón tan só sinalar algúns exemplos que demostran o desmaño de números e folios que, na nosa opinión, corrobora que: 1) se perderon algúns folios dos copiados ou miniados inicialmente¹⁴; 2) os folios que quedaron foron renumerados con números romanos; 3) estes folios foron reorganizados intercalando outros novos¹⁵; 4) outra vez se perderon numerosos folios soltos e o códice foi renumerado con números arábigos¹⁶.

Así e todo, aínda se conservan polo menos nove cadernos completos, que seguramente reflicten a ordenación orixinal do manuscrito, coas cantigas de loor e coas quinquenais na súa correcta posición¹⁷, o cal nos permitiría supor que, polo menos, a ordenación que presentan as cantigas nestes cadernos sería a prevista para F. Dito doutro xeito, F foi planeado baixo o mesmo esquema arquitectónico có que dirixiu a confección de T, e a ordenación actual representa unha ordenación próxima á orixinal do cancionero. Explicar o desacordo entre a secuenciación dos textos do cancionero de Florencia e a ordenación das cantigas no cancionero *dos músicos* (E), é unha cuestión espiñenta, moi difícil de abordar, á que xa se tentou unha aproximación desde outro traballo do que estas páxinas son debedoras e a el remitimos¹⁸.

texto de F 28 e as súas miniaturas están no reverso do segundo. A continuación vén o texto da F 29 (CSM 303), que se estende por o fol. 34r e 34v (con con numeración LI claramente lexible) e que tería as imaxes no fol. 35r, se se debuxase algo máis ca orla que se observa hoxe.

- 13 Non obstante, unha vez máis, malia que a numeración romana é consecutiva, é evidente que entre LXXVI (fol. 59v) e LXXVII (60v) falta un folio. Aínda que ó contemplar o códice, aparentemente estamos diante dunha dobre páxina miniada, en realidade as imaxes do fol. 59v pertencen a F 46 (CSM 271), o fol. 60r contén as imaxes doutra cantiga diferente, se cadra unha de loor pois, a pesar de que só se debuxou a primeira viñeta, nesta pódese ver o rei, outros personaxes da súa corte e, en fronte, a Virxe co Neno no colo, imaxe que non se corresponde coa cantiga narrativa anterior. É posible que falten tres folios máis, co seu texto e as súas miniaturas cos que se completaría o caderno.
- 14 Por exemplo, entre o fol. 82 (CII) e o 83 (CIII) falta un folio que contería a miniatura de F64 (CSM 230) e o texto da seguinte (CSM 236), iluminado no fol. 83r.
- 15 Por exemplo, entre o fol. L (31) e o LI (34) figuran os actuais 32 e 33 intercalados posteriormente.
- 16 Por exemplo, entre os fols. 30 (XLIII) e 31 (L) faltan seis folios antigos aínda que non se perciba na nova numeración.
- 17 Estes cadernos atópanse entre os fols. 22r-29v; 34r-41v; 42r-49v; 50r-57v; 62r-69v; 70r-77v; 94r-101v; 102r-109v e 124r-131v. (L. Fernández, “Los manuscritos...”, p. 105, n. 71).
- 18 Estas páxinas son unha síntese dunha comunicación que, co título «Cuando las *Cantigas de Santa Maria* eran a *work in progress*: el códice de Florencia», foi presentada no XIX Congreso Internacional da AHLM, celebrado en Roma (22-26 de setembro de 2017) e que será integramente publicada (en castelán) no volume de estudos derivado do mesmo (*Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*), actualmente en preparación.

2. Esta edición

A edición que propoñemos a continuación pretende ser unha transcripción estritamente paleográfica do texto que contén o *Códice de Florencia*, polo que está presidida polo reflexo das unidades alográficas e abreviativas¹⁹ dos posibles amanuenses que interviñeron na copia do manuscrito. A escolla desta opción (fronte á máis común representación semipaleográfica do documento) vén determinada por dúas razóns fundamentais: a primeira, porque unha edición deste tipo permite poñer en evidencia o sistema gráfico do momento e, en consecuencia, facilita o estudo da correspondencia fonética de determinadas grafías, amais de amosar a variación ortográfica segundo os contextos gráficos; a segunda, e, se cadra, a principal, porque ofrece un banco de probas no que analizar o estadio en que se atopaba o uso da letra gótica na segunda metade do século XIII e permite achegarnos a conclusións encamiñadas ó establecemento das datas e/ou ambientes nos que a escrita podía estar xa «goticizada» (ou ver en que grao)²⁰. Para acadar estes obxectivos, pretendemos que esta edición presentase «um grau razoável de fidelidade aos dados textuais», isto é, que fose o máis conservadora posible²¹.

Se se revisa a bibliografía existente, obsérvase que, en efecto, non é infrecuente que algúns especialistas, sexan editores ou paleógrafos, cando se dispoñen a facer a descrición da letra gótica *textualis* empregada nun manuscrito concreto, se vexan na obriga de se contentaren con levar a cabo unha descrición superficial da escrita, sen poder descender ó detalle da realidade manuscrita. Así, por exemplo, cando se mencionan as *Leis de Meyer* que rexerían a escritura gótica libraria, os editores adoitán conformarse con dicir que as devanditas leis se cumpren «con regularidade», aínda que a realidade que demostran os manuscritos é que detrás desta «regulari-

19 Vid. Ricardo Pichel, *A Historia Troiana (BMP Ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico* (Tese de doutoramento inédita, 2 vols.), Santiago de Compostela, Universidade, 2013, vol. II, p. 645.

20 Na medida das nosas posibilidades, queremos responder, así, ó reclamo que fixo María del Carmen Álvarez Márquez en «Escritura latina en la Plena y Baja Edad Media: la llamada "Gótica libraria" en España», *Historia. Instituciones. Documentos*, 12, 1985, pp. 377-410, cando animaba á «publicación de facsímiles de códices datados o datables, porque hasta tanto no contemos con un número suficientemente representativo, por regiones y por cronología, no estaremos en vías de solucionar el problema de la clasificación y nomenclatura de la escritura gótica, que, insistimos, una vez más, sigue siendo hoy por hoy una cuestión abierta en paleografía» (p. 410). Aínda que xa pasou ben tempo, o seu chamado pasou inadvertido.

21 Vid. António Emiliano, «Problemas de transliteração na edição de textos medievais», *Revista de Filoloxía Galega*, 3, 2002, pp. 19-64, p. 30.

dade» podería agocharse un «sempre», é dicir, que a mencionada lei se dá *en todos os casos*, pero o estudoso que non ten ó seu dispor unha transcripción absolutamente fiel do manuscrito non pode supoñer máis que, «en liñas xerais» ou que «na maior parte das veces», se cumpre a lei, mentres que o testemuño podería revelar que a lei se cumpre *sempre*. Ou ó contrario.

Por cinguirnos ós códices das *Cantigas de Santa Maria*, a que ata día de hoxe levou a termo un dos mellores estudos paleográficos dun deles, a profesora Elisa Ruiz, cando comenta o cumprimento ou non das devanditas «Leis de Meyer» no código T, vese na obriga de escribir o seguinte:

En realidad, los alógrafos que se encuentran en la serie minúscula vienen exigidos por las reglas primera y tercera de Meyer. La aplicación de la primera norma del citado paleógrafo alemán suponía la introducción de la *r* redonda tras las letras que ofrecen una curva convexa hacia la derecha. *Este principio se observa con regularidad*²².

Pero, que podemos deducir desta afirmación? Que este principio se observa sempre? Que se observa a maior parte das veces? Que hai só uns poucos casos nos que non se observa? Ou que a paleógrafa non ten ó seu dispor os instrumentos que lle permitan aseverar con rotundidade que esta regra se cumpre sen excepción? É nesta clase de situacións onde unha transcripción de tipo conservador permite extraer datos fiables sobre cal é a realidade do manuscrito, unha realidade aproximada, é certo, porque moitos aspectos da materialidade escrituraria son irreproducibles nunha edición (como a fractura do trazado ou a compacidade da escrita), pero si é capaz, coa axuda das ferramentas informáticas máis básicas, de ofrecer datos solventes sobre os cales se poidan extraer algunhas conclusións que contribúan ó establecemento da datación de códices baseándose no maior ou menor grao de cumprimento das famosas leis de Meyer.

Non está no noso ánimo pretender chegar a este extremo, pero aínda sen querermos ser tan ambiciosos, cremos que coa nosa proposta podemos dar resposta a outras interrogantes de menor transcendencia. Por exemplo, de todos é sabido que a transcripción dun código non ten por que ser responsabilidade dun único copista, senón que, en moitas ocasións, o traballo adoitaba repartirse entre dous ou máis. A identificación destas mans esixe unha observación atenta do manuscrito: iso é innegable. Non obstante, dado o alto grao de formalización da escritura gótica, ás veces resulta moi complicado delimitar a intervención dos diferentes copistas²³. Unha edi-

22 Elisa Ruiz García, «Escribir para el rey. Estudio paleográfico del Ms. T-I-1 de la RBME», *Cantigas de Santa Maria. El Códice Rico, Ms. T-I-1, RBME* (2 vols.), Laura Fernández - Juan Carlos Ruiz Souza, coords., Madrid, Patrimonio Nacional - Testimonio Compañía Editorial, 2011, Vol. II. pp.158-159 (a cursiva é nosa).

23 Vid., por exemplo, o relativo ó *Cancioneiro da Ajuda*. Para Michaëlis e Carter só un único copista se encargara de copiar os oitenta e oito folios do vetusto código, pero, a día de hoxe, tras os estudos de Pedro, Ramos e Fernández Guiadanes non está claro se foron tres (Pedro / Ramos), catro ou máis (Fernández Guiadanes) os responsables de acometer esta tarefa. Vid. os respectivos razoamentos en Carolina Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro de Ajuda. Glossário*, 2 volumes, Imprensa Nacional-Casa

ción de tipo tradicional, que non adoita respectar a variación alográfica do manuscrito, agocharía irremediabilmente a alternancia no uso dos diferentes alógrafos, aínda que isto podería ser indicio da existencia de diferentes hábitos escriturarios propios de individuos distintos que respectan, uns máis, outros menos, as normas que rexían para un determinado tipo de escritura. Porén, se o investigador se lle proporciona unha edición conservadora, cunha ferramenta útil para realizar diferentes tipos de buscas sobre o texto, poderá advertir estas variacións que lle poden axudar a delimitar con certa seguridade a intervención de un ou diversos amanuenses e, a partir de aí, engadir outros datos que lle permitan establecer outras conclusións, como o tipo de obradoiro (máis ou menos rico) no que se puido levar a termo a copia ou cando.

Así mesmo, e retomando outra vez as observacións da estudosa madrileña acerca do cumprimento das leis de Meyer, no relativo á terceira específica:

La tercera regla, según su formulación, sostenía que en la etapa inicial del canon el diseño de la letra siguiente condicionaba el trazado de la *d*. La de tipo uncial se emplearía ante letras de cuerpo redondo. Conviene recordar que la penetración de esta modalidad de *d* en el canon gótico se inició en las últimas décadas del siglo XII en aquellos casos en los que se daba esa circunstancia sintáctica. En cambio, la *d* recta iría seguida de signos de la misma naturaleza, por ejemplo, el grupo *di*. A partir de dichos usos se fue ampliando el radio de acción de ambas variantes hasta quedar implantada por completo la oposición morfológica. (p. 160).

Así, a partir da súa observación do Códice T, e fixándose na terceira lei (isto é, o emprego de *d* + *i*, *u* e de *ð* + *a*, *e*, *o*), Elisa Ruiz deduce que «el uso es esporádico». Pero, de novo, estamos diante dunha afirmación extremadamente imprecisa: que quere dicir que o uso é «esporádico»? Que raras veces se cumpre a alternancia imposta pola regra? Que se cumpre só nos casos de letras de factura redonda? Só coas de factura recta? Unha simple busca textual na edición conservadora do Códice F que aquí presentamos permítenos afirmar que a combinación *d* + *i*, *u* é practicamente inexistente²⁴ porque sempre se consigna *ð* + *i*, *u*, desbaratando así o

da Moeda, Lisboa, [1904]1990; Henry Hare Carter, *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition*, New York-London, Modern Language Association of America, Oxford University Press. Reimp.: Milwood, New York, Kraus Reprint Co., 1975; Reimp. com introdução, «A edição diplomática do Cancioneiro da Ajuda», de Maria Ana Ramos, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2007; Susana Tavares Pedro, «Análise paleográfica das anotações marginais e finais no *Cancioneiro da Ajuda*», *À volta do Cancioneiro da Ajuda. Actas do Colóquio "Cancioneiro da Ajuda (1904-2004)"*, M. A. Ramos - T. Amado (coords.), Lisboa, Imprensa Nacional Casa da Moeda (E-Book), [2004] 2016; Maria Ana Ramos, *O Cancioneiro da Ajuda: confecção e escrita* (dissertação apresentada para obtenção do Grau de Doutor em Linguística Portuguesa-Linguística Histórica na Universidade de Lisboa, 2 vols.), Lisboa, Universidade de Lisboa, 2008 (inérita); Antonio Fernández Guiadanes, «Particularidades gráficas e de impaxinación do folio 79r do *Cancioneiro da Ajuda*: o seu copista é un copista corrector?», *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa (Verba. Anexo 67)*, M. Arbor Aldea - A. Fernández Guiadanes (eds.), Santiago de Compostela, Universidade, 2010, pp.105-160.

²⁴ Podemos, incluso, identificar eses casos esporádicos, pois só hai sete casos de *d* recto seguido de *i*: *diss*, no v. 30 da cantiga F 48 desta edición, fol. 62v do manuscrito; *perdisti* e *perdiçõn*, nos vv. 45 e 50 da cantiga

cumprimento desta terceira lei de Meyer, aínda que, en efecto, a representación de $\partial + a, e, o$ se cumpre sempre (salvo nun único caso: *orden*, v. 80 da cantiga F 52, fol. 69r). Como, lamentablemente, aínda non dispomos dunha edición paleográfica conservadora de T, non estamos en condicións de acoutar que quere dicir «esporádico». Vémonos na obriga de acudir ó códice e observalo pacientemente para concluír (sen unha certeza absoluta) que, como en F, a combinatoria das letras redondas se cumpre sempre, mentres que no emprego das rectas é onde se produce a alternancia entre *d* recto e ∂ uncial, malia que non poidamos asegurar cal é en realidade a preponderancia no emprego dun ou doutro porque non temos as ferramentas que nos darían os números exactos.

Por último, segundo o expresado por Elisa Ruiz, a observancia da terceira lei de Meyer permitiría deducir o estado do proceso de goticización da escrita en función da regularidade do emprego destes dous alógrafos de *d* diante das vogais redondas ou rectas:

El grado de observancia de esta norma es significativo a efectos de datación, cuando se trata de escritos que alternan la *d* recta con la uncial, cosa que aquí sucede, lo cual indica que el proceso de “gotización” no había culminado. (p. 159).

Destas aseveracións podemos deducir que se debe considerar que unha *littera textualis* responde a un canon plenamente gótico cando se cumpre esta terceira lei, ou sexa, o uso sistemático de *d* con vogais de factura recta e de ∂ coas de factura redonda. Como xa vimos arriba, en T alterna o emprego de *d* e ∂ en combinación con *i, u*, pero no códice de Florencia (*case*) sempre se representa ∂ diante destas vogais rectas, como revela a edición que presentamos. Aínda sendo conscientes de que un único parámetro non é definitorio para emitir declaracións tan contundentes, parece que poderíamos estar xa nun proceso posterior no que se produce a implantación xeneralizada do ∂ uncial en calquera combinatoria²⁵. Por estudos que estamos levando a termo sabemos que un mesmo copista podería terse encargado de transcribir o códice T e o códice F e que, incluso, participou activamente na ela-

F 50, fol. 65v; *pedia*, no v. 13 da cantiga F 52 desta edición, fol. 68v do manuscrito; *perdiçõn*, no v. 41 de F 56, fol. 73v; *dizer*, v. 8 F 101, fol. 125r; e *pedir*, v. 56 F 103, fol. 128r. Por ser un número tan reducido de excepcións dentro da práctica habitual, o feito merecería ser obxecto de reflexión.

25 Segundo algúns estudos de paleografía, esta xeneralización do ∂ uncial, coa consecuente paulatina desaparición do *d* recto, produciríase arredor de 1260 (Vid. P. Sánchez-Prieto Borja - M. J. Torrens Álvarez, «Escorial I.I.6: la escritura» en *La Biblia Escorial I.I.6. Transcripción y estudios*, A. Enrique-Arias (ed.), San Millán de la Cogolla, Cilengua, 2010, p. 38). Non obstante, en palabras de Álvarez Márquez, «Por lo que respecta a España, es notoria la influencia francesa a lo largo del siglo XIII, mientras que en el siglo XIV aparecen ya los caracteres nacionales: trazado grueso y pesado, tendencia a formas más redondeadas que angulosas, astas muy cortas en relación con el cuerpo de las letras, uso casi exclusivo de la *d* uncial» (Vid. M. C. Álvarez Márquez, «Escritura latina...», p. 393). Estes trazos xa se poden identificar na escrita dos códices das CSM, ou sexa, que parece que os códices marianos, copiados na primeira década do último cuarto do século XIII, xa sinalan un estadio de transición cara á gótica castelá do s. XIV que matiza as aseveracións dos expertos mencionados antes.

boración de E²⁶, aínda que os tres códices foron supostamente copiados en períodos temporais sucesivos. Que podemos deducir do distinto modo de actuación dun mesmo copista que interveu nos diferentes códices polo que respecta á observancia da terceira lei de Meyer? Que estamos asistindo a un cambio no canon da *gótica textualis*? De ser así, en que período cronolóxico se terían producido estes cambios? Dous anos? Catro? Máis? Ou estaremos diante de subsistemas simultáneos dun único canon empregados por un mesmo individuo? Como dicíamos apenas unhas liñas máis arriba, teríamos que conxugar diferentes factores para poder achegarnos a unha resposta satisfactoria a estas interrogantes, pero, desde logo, unha edición semipaleográfica convencional sería de moi pouca axuda neste proceso, por insuficiente.

Con todas as vantaxes que fomos sinalando ata agora, dunha edición conservadora coma esta poderíase tirar o máximo aproveitamento se o texto fose incluído nunha base de datos na que, tras un proceso de marcaxe, codificación e creación dunha serie de campos de busca, permitise a realización de buscas complexas e fiables sobre determinados aspectos paleo-gráficos, fonéticos, morfolóxicos e mesmo sintácticos. A inserción nesta base de datos de varias edicións correspondentes ós manuscritos de diferentes obras dun longo período permitiría, finalmente, establecer o grao de uso da letra gótica *textualis* en área ibérica no século XIII e, o que non é menos interesante, deducir como ía tomando forma a lingua galega (ou galego-portuguesa), canto á súa fonética, morfoloxía e, incluso, sintaxe. Na espera de ferramenta tan ansiada, imos, de momento, ofrecendo parte do material que poida alimentala.

Así mesmo, somos conscientes de que unha versión menos conservadora e máis convencional que a da transcripción que presentamos aquí podería ser de moita utilidade para un bo número de usuarios, menos interesados no nivel paleográfico que reflicte o manuscrito pero que, con todo, desexarían poder xogar co texto e percorrelo co auxilio de motores de busca máis sinxelos pero suficientes para poder devolver datos que permitan estudar, por exemplo, a(s) transcripción(s) de certos termos do galego medieval, a súa realidade fonética e morfolóxica, a súa frecuencia de uso, as posibilidades combinatorias con outras categorías gramaticais etc. O elevadísimo número e variedade de abreviaturas necesarias para representar unha transcripción paleográfica dificultaría ou, polo menos, enredaría este outro tipo de buscas simples, polo que, a seguir da transcripción estritamente paleográfica ofrécese unha versión paleográfica do texto do manuscrito florentino, limpa de todos estes elementos que entorpecerían un manexo áxil do texto para aqueles usuarios menos atraídos pola paleografía, pero sensibles ó estudo da lingua no seu estadio medieval

26 Este asunto tratámolo en «Acerca de los copistas de las *Cantigas de Santa Maria*», actualmente enviado para a súa publicación.

e que, de todas as formas, poden atopar na transcripción previa os trazos gráficos que presentan no texto orixinal. O flexible soporte dunha publicación dixital regala estoutras vantaxes que non quixemos desaproveitar.


3. Transcrición paleográfica

3.1. Criterios de transcrición

Para facilitar a lectura das cantigas, nesta transcrición paleográfica preséntase o texto nunha disposición de compromiso entre o que reflicten os folios do manuscrito e a presentación máis habitual das cantigas na edición máis consultada. Por iso queremos advertir que:


1. As cantigas reproducense segundo a numeración que as identifica no códice (F 1, F 2...) e, a continuación, entre ángulos, a numeración que se lle adxudica na edición de Mettmann (<CSM 246>, <CSM 201>... respectivamente).
2. As rúbricas foron transcritas en liñas longas, sempre marcando cunha barra oblicua (/) o texto que se reparte en dúas ou máis liñas na caixa de escritura. Cando falta esa marca nesta edición quere dicir que a rúbrica está copiada a ancho de folio no manuscrito. Nos casos en que falta a rúbrica, se se deixou o espazo en branco para copiala, márcase este oco con corchetes: [rúbrica].

Rúbrica a ancho de folio




(F 25, fol. 28v)

Rúbrica na primeira columna




(F 4, fol. 4v)

Espazo para copiar a rúbrica: [rúbrica]




(F 60, 78r)



(F 52, fol. 68v)

Ausencia de rúbrica




(F 56, fol. 73v)

3. Respéctase a estrutura habitual da cantiga: márcase a distribución dos versos entre o refrán e as cobras, pero sinálase cunha barra oblicua (/) o texto que, pertencente a un mesmo verso, se reparte en dúas ou máis liñas na caixa de escritura orixinal, e cunha barra baixa (_) o texto que, pertencente a distintos versos, se presenta nunha mesma liña no folio do manuscrito. Márcase con dobre barra oblicua (//) o verso que, empezado na última liña dunha columna, continúa na columna seguinte. Cando ó inicio de verso figura unha barra oblicua (/) quérese indicar que se trata do primeiro verso da columna b ou c, segundo o caso.
4. En cada ocasión, sinálase entre corchetes o número do folio que contén o texto transcrito. Cando un mesmo verso se reparte entre dous folios, indícase o cambio cunha numeración entre corchetes no interior do verso (por exemplo F 32: quand ou/[38v]uer coita de mozte. beno pod ela / guarir).
5. En cada cantiga os versos aparecen numerados de cinco en cinco: empézase a contar desde o primeiro verso transcrito (salvo nas cantigas F 20 e F 94, acéfalas por perda de folio, cuxo cómputo se inicia no v. 7 e 16, respectivamente). Co fin de facilitarlle ó usuario a localización dun mesmo texto en todos os códices, nos refráns só se numera o primeiro verso; os demais, cando se transcriben, quedan vinculados a esta numeración (por exemplo, se o primeiro verso do refrán é o 10, este consignaríase como 10.1 e os seguintes serían 10.2, 10.3 ou 10.4). Graficamente estes versos sinálanse cun aumento da sangría. Cando o refrán non está transcrito empréganse chaves para indicar a súa ausencia, distinguindo tres situacións distintas: se non está transcrito por coincidir co final de columna ou de folio, empréganse chaves


con tres puntos {...}; se non está transcrito pero quedou un oco en branco para a transcrición do refrán, empréganse chaves baleiras { }; e nos casos en que nin se transcribiu o texto nin se gardou espazo para facelo, empréganse chaves con un punto {.}. Non obstante, tense en conta un primeiro verso destes refráns non consignados por escrito co fin de manter a correspondencia coa numeración de tódolos textos entre si e cos da edición final.

Refrán





(F 94, fol. 118r)



Sen refrán final columna/folio {...}




(F 41, fol. 51v)



<i>Espazo para copiar o refrán { }</i>  (F 48, 62v)	<i>Ausencia de refrán {.}</i>  (F 84, fol. 107r)
--	--


6. Repóñense entre corchetes as letras iniciais ornadas cando faltan (de rúbrica, de comezo de cantiga ou de cobra); non obstante, cando figura unha letra de agarda, esta indícase entre ángulos.

<i>Inicial ornada</i>	 E tod est assi foi feito. (fol. 7v, col. b, liña 37)
<i>Letra de agarda</i>	 <e> el aquesto dizen do. (fol. 30r, col. a, liña 28)




<i>Inicial ausente</i>	 [E]daquest un gran míra/ (fol. 125r, col. b, liña 4)
-------------------------------	--

7. O emprego dos corchetes, á parte do caso anterior, responde a catro circunstancias diferentes: os corchetes con tres puntos [...] indican que hai un baleiro porque se raspou o texto; os corchetes con tres guións [---] representan a falta de texto porque se produciu un accidente material como un furado, un folio roto ou incluso a perda dalgún deles; os corchetes con asteriscos [**] indican que non se dan lido os caracteres a causa da existencia de manchas evidentes pero que non impiden discernir o número de caracteres representados por cada un dos asteriscos; os corchetes baleiros [] sinalan un oco en branco deixado para copiar texto.

<i>Baleiro por raspadura</i>	 [...]ff[...] la toda mudar. (fol. 78v, col. a, liña) Q[...] GROSIOFA. (fol. 78v, col. a, liña)
<i>Illexible por accidente material</i>	 [---] muitos miragref (fol. 3v, col. a, liña 17)

<i>Ilexible por mancha</i>	 da mað[**]. (fol. 62v, col. a, liña 5)
<i>Espazo para copiar</i>	 per como ó enganalle [] (fol. 71v, col. b, liña 4)

8. Con respecto ás correccións do texto presentes no manuscrito, estas inténtanse representar o máis fielmente posible, polo que os símbolos de inserción textual se transcriben conforme o requira cada caso (' " ,).

 catar^{mal} o teu (fol. 114v, col. a, liña 18)	 eno reino de (fol. 62v, col. a, liña 3)	 nobz^c mui (fol. 21r, col. a, liña 18)
--	--	--


9. As raspaduras márcanse con sombreado gris (**escuro** cando se distinguen con certeza e **claro** cando a existencia de raspadura é dubidosa no facsímil) e acompañanse do símbolo **‡** na marxe dereita á altura do primeiro verso da cobra que a contén co fin de permitir as buscas automáticas de raspaduras nun procesador de texto.
10. Polo que atinxe á unión e separación de palabras, conservamos as secuencias gráficas do manuscrito; porén, hai que ter en conta que en non poucas ocasións o texto aparece comprimido a causa do desexo de adaptar o verso á caixa de escritura, polo que nestes casos actuouse tendo en conta os usos habituais en contextos onde non se produce esta compresión textual.
11. A puntuación que reflicte o texto (limitada ó uso do punto) é a que presenta o manuscrito que, obviamente, non coincide cos criterios actuais de uso do punto, senón que parece responder máis ben ó desexo de marcar unidades de contido, períodos sintácticos ou, ás veces, marca de final de verso. Empégase o acento gráfico para a representación das plicas. Quedan excluídos os signos que parecen ter unha mera función decorativa para encher a caixa de escritura e evitar o *horror vacui*.

12. Para a representación das abreviaturas usadas no manuscrito recorreuse ó *Medieval Unicode Font Initiative* (MUFI, <http://folk.uib.no/hnooh/mufi>). Temos que advertir, non obstante, que, polo que respecta ó emprazamento do sinal de abreviación, tendo en conta a lei da cursividade, segundo á cal, cando se escribe existe unha tendencia a desprazar elementos cara á dereita, en determinados casos a abreviatura pode aparecer desprazada, polo que intervimos e a colocamos sobre a grafía ou ó lado da grafía que se ve afectada²⁷, salvo nos casos de *dl'ta* e *cl'pa* nos que respectamos a posición por tratarse de abreviatura de palabra.

13. O alfabeto empregado é o seguinte:

a	b	b̄	c	d	ð	e	f	g	h	i	j	j̄
												
l	m	m̄	n	o	p	q	r	ʀ	ʁ			
												
s	f	t	u	v	x	y	ÿ	z				
												

14. As letras expansivas márcanse en **VERSALETAS**, salvo no caso de *ṽ* (que se deixa en minúscula) por incompatibilidade coa fonte empregada; e as letras agrandadas represéntanse cos seguintes caracteres especiais: a, e, b, j̄.

C	D	E	F	G	H	L	M
							
N	O	P	Q	R	S	T	V
							
a	b	e	ŋ				
							

²⁷ Excepcionalmente, pode aparecer cara á esquerda polo que se procede do mesmo xeito.


15. O emprego de caracteres alfabéticos en superíndice reflicte elementos escritos enriba da liña que responden a dúas circunstancias diferentes: que se trate dunha abreviatura por letra sobreposta ou que esteamos ante letras voadas empregadas para que o texto non sobrepase a caixa de escritura. Así mesmo, aparecen en superíndice palabras que seguramente foron copiadas nun segundo momento, ó advertirse a súa falta.
16. Respéctanse as abreviaturas. Nos casos en que se evidencia unha mancha sobre elas, se esta impide a súa visualización, non se transcribe pero anótase a existencia dun sinal abreviativo; se se ve con dificultade, reproducése a abreviatura pero indícase en nota esta circunstancia.

Empréganse os seguintes caracteres para reflectir os sinais abreviativos presentes no manuscrito²⁸:

̄x 	O signo xeral en F adopta dúas formas: 1. <x̄>: un punto romboidal ou unha lineta empregada con valor múltiple en tódolos contextos que non estean incluídos no resto desta táboa.
ǣ 	2. <ǣ>: un punto romboidal cunha prolongación (cara á dereita, cara á esquerda ou en ambas as direccións) que lle confire forma de onda. Rexístrase en contexto de nasalidade, asociada ás vogais como abreviatura de consoante nasal ou marca de resonancia nasal vocálica, e coas bases consoánticas <m> e <n> abreviando <i>en</i> (salvo un caso en <oñe> e de <ðescarño>) e o adverbio de negación <i>non</i>, respectivamente. Emprégase tamén na contracción de <i>santo/a</i> (f̄co/f̄ca) e de <i>Cristo</i> (x̄pō).
ḑ 	Abreviatura de <i>fēr/fre</i> representada cun apóstrofo. *Esta abreviatura podería estar presente en ocasións con <ð> para <i>de</i> pero neste caso regularízase coa xeral por non presentar unha morfoloxía clara e atoparse nunha porcentaxe baixa de aparicións.
f q̄ 	Sinal abreviativo formado por apóstrofo e corte oblicuo, empregado con <f> con valor de <i>ser</i> e con <q> combinado coa xeral con valor de <i>quen</i>.

28 Para a descrición das abreviaturas seguimos a Ricardo Pichel, *Historia...*

ḃ ḥ ff f	  	Sinal abreviativo formado por apóstrofo e corte horizontal, asociado as consoantes , <h>, <l> e <ll> con valor de <i>ber</i>, <i>her</i>, <i>ler</i> e <i>ller</i>, respectivamente. *Este sinal tamén se emprega en <mīlor> con valor de <i>e</i>, en <dīta> e <clpa> con valor de <i>ul</i> e en <ḃpo> con valor de <i>is</i>, e na abreviación de <i>jesus</i> (iḥu).
p		Abreviatura de <i>per/par</i> representada cun corte infralinear horizontal.
ḍ	 	Trazo curto con ataque e saída (en forma de zigzag) asociado unicamente a <ḍ> con valor de <i>der</i>, diferenciada do sinal xeral sobre esta consoante que se emprega para <i>de</i>. *A morfoloxía deste mesmo sinal parece percibirse en ocasións con <c>, <m>, <p>, <t> e <u> para <i>cer</i>, <i>mer</i>, <i>pre</i>, <i>ter</i> e <i>uer</i> pero regularizámola coa xeral por non presentar unha morfoloxía clara e atoparse nunha porcentaxe baixa de aparicións.
p		Abreviatura de <i>pro</i> representada cun corte medial lazado.
ꝛ		Abreviatura de <i>-ron</i> representada por un apóstrofo e dous cortes oblicuos infralineaes sobre un <ꝛ> redondo.
ꝝ		Símbolo <ꝝ> con valor de <i>con-</i>.
Ꝟ / ꝟ		Símbolo <Ꝟ> con valor de <i>-os/-us</i>, que pode aparecer na caixa de escritura ou sobre a liña.
ḡ	 	Abreviatura de <i>ra/ua</i> representada cun <a> cursivo aberto voado asociado ás consoantes <g>, <p> e <t> para <i>ra</i> e a <g> e <q> para <i>ua</i>. Letra sobreposta tamén empregada como abreviatura de <i>María</i> (m̃).
ḡ	 	Abreviatura da secuencia <i>or/ur</i> representada cun bucle supralinear duplo e asociada ás consoantes <ḍ>, <m>, <n>, <p>, <t> e <u> para <i>or</i> e a <c>, <ḍ>, <g> e <t> para <i>ur</i>.

x ^e		Abreviatura de <i>-re</i> con <e> voado empregado só con tres consoantes (<ð>, <g> e <t>).
x ⁱ		Abreviatura de <i>ir/ui/ri</i> representada con <i> voado, asociada as consoantes , <c>, <g>, <p>, <q>, <t> e <u>.
x ^o		Abreviatura de <i>ro</i> representada con <o> voado, asociado unicamente a <t> e nun caso como abreviatura de <i>Pedro</i> (p ^o).
τ		Signo tironiano con valor de <i>e</i> .

17. As notas ó rodapé (indicadas cun número voado ó final do verso correspondente, para non entorpecer a lectura) explican circunstancias só observables no manuscrito ou calquera outra incidencia que axude a visualizar mellor a materialidade do códice.

Transcripción paleográfica

[1r]

 que en conturbe fezo per com escrit achei
 por un monge *sant* ome que sōo certe sey
 que sempre fara esta quena servir souber
 Quen aa uirgen santa

15 **E**ste muit ameude fazia oraçon
 sempr ant o altar dela con mui gran deuoçon
 os gēollos ficados *e* mui de coraçon
 pedia que lle desse ca llera mui mester
 {}

20 **S**iso per que podesse a saber ben servir
e outra cousa nunca lle queria pedir
e a uirgen non quiso que en seu don falir
 fosse aparecer lle foi como uos disser
 Quen aa uirgen santa

25 **M**ais fremosa *e* crara que Lũa nen sol *e*
e dissell o que pedes praz me per bōa ffe
e eu dizer cho quero ca meu fill u el sse
 ten por ben que cho diga *e* direicho senner
 Quen aa uirgen santa

30 **S**e ben queres servirme primeiro amar mas
 muit ena uoontade outrossi onrrar mas
e sobre tod aquesto sempre me loaras
 pois me fillou *por* madre deus seend eu moller
 Quen aa uirgen santa

35 **Q**uanto a uirgen disse todo o ascoitou
 aquel frade de grado *e* quantolle mandou
 fazer todo foi feito *e* de pois le leuou
 a os ceos a Alma por en quena creuer
 Quen aa uirgen santa

Sempr en aqueste mundo bōa vida fara
e quen servir a ela seu fillo servira

40 *e pois que del for fora parayso uera*
 de mais ualrralle sempre u a mester ouuer
 {}

[13r] miniatura

[13v]

F 12 <CSM 314>

[C]omo santa maria prendeu uingança dun caualeiro en segouia por que
desdennou a sa eigreia *e* depois guariuo

Qven souber santa maria loar sera de bon sen

E desto uos dizer quero un miragre que eu sei
que fezo santa maria segund en uerdad achei
e de como foi o feito todo uolo contarei
5 pero prazer mia muito sem oissedes mui ben
 Quen souber santa maria loar sera de bon sen

En segouia est auẽo *e* non ai mui gran sazon
que hũa dona y era que muito de coraçon
amaua santa maria mais *que* quantas cousas son
10 *e* do que por en llauẽo non uos en negarei ren
 Quen santa santa maria loar sera de bon sen

ELa seu marid auia caualeire caçador
e de sse tẽer viçoso auia mui gran sabor
por en foi ueer ssa fonte que era end a mellor
15 de toda aquela terra *e* diss a ssa moller ven
 Quen souber santa maria loar sera de bon sen

Logo comig ai irmãa *e* amostrarchei logar
u podemos quinze dias ou tres domaas estar
uiçosos cab hũa fonte que eu ei desi caçar
20 me ueeredes andando *e* prazer uos a muit en
 {}⁸³

[14r] miniatura

83 Segundo a versión presente no código E faltarían nove cobras máis.

[14v]

F 13 <CSM 226>

Como o mōesteiro dingra terra que ssafondou *e* acabo dun ano sayu a cima assi
como xant estaua *e* non sse perdeu null ome

Assi pod a uirgen so terra guardar
o seu com en cima dela

E dest un miragre per quant aprendi
uos contarei ora grande que oy
5 que santa maria fez *e* creed amj
que mayor deste non uos posso contar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Ena gran Bretanna foi hũa sazón
que un mōesteiro de religion
10 grand ouuy de monges que de corazón
seruian a uirgen bēeita sen par
Assi pod a uirgen so terra guardar

E santa maria u todo ben iaz
mostraua ali de miragres assaz
15 e tiinna o logo guardade en paz
mais quis deus por ela gran cousa mostrar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Que dia de pasqua u deus resurgiu
começand a missa os monges sabriu
20 a terre o mōesteiro sse somyu
que nulla ren del non poderon achar
Assi pod a uirgen so terra guardar

E log assi todo so terra entrou
que nihũa ren de fora non ficou
25 mas santa maria ala o guardou
que nihũa ren non pode del minguar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Eigreja *nen* claustra *nen* o dormidor
neno cabidoo neno refeitor
30 nena cozinna *e* neno parlador
nen enfermaria u cuidauan sãar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Adega *e* uinnas con todo o seu
ortas *e* moynnos com aprendi eu
35 guardou ben a uirgen *e* de mais lle deu
todo quant eles souberon demandar
Assi pod a uirgen so terra grdar

E assi uijan ala dentro sol
como sobre terra *e* toda ssa prol
40 fazer lles fazia *e* triste *nen* fol
non foi niun deles *nen* sol *enfermar*
Assi pod a uirgen so terra guardar

Per *ren* *non* leixou mentre foron ala
nen ar *que* morressen come os daca
45 morrian de fora ca poder end a
de fazer tod esto *e* mais *sen* dultar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Un grand an inteiro assi os tãer
foi *santa* maria mais pois foi fazer
50 que dali saissen polo gran poder
quelle deu seu fillo pola muit onrrar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Ca dia de pasqua en que resorgir
deus quis foron todos a missa oyr
55 enton fez a uirgen o logar sayr
todo sobre terra como xant estar
Assi pod a uirgen so terra guardar

Soya *que* sol *non* en menguaua *ren*
e a gente toda foi ala por en

60 e o conuento lles contou o gran ben
que lles fez a uirgen e todos loar
Assi pod a uirgen so terra guardar

A foron por en como madre de deus
que manten e guarda aos que son seus
65 por en a loemos sempr amigos meus
ca esta nos ceos nos fara entrar
{ }

[15r] miniatura

[15v]

F 14 <CSM 408>

Esta e como santa maria sãou o escudeiro aque deron a saetada polo costado

De spirital cilurgia
ben obra santa maria

Ca non uos obra con eruas nen con raizes nen frores
nen con especias outras macar xan bõos odores
5 mas ual aos peccadores
con uertude que en si a

De spirital celorgia

dest auẽo un miragre que mostrou hũa uegada
en salas u mostra muitos esta ben auenturada
10 dun que gran saetada
recebeu en Lombardia

De spirital celorgia
ben obra santa maria

Este deque uos eu falo era fidalg escudeyro
e foi en hũa fazenda bõo ardide ligeyro
15 mas foi per un baesteiro
mui mal chagad aquel dia

Desperital celorgia
ben obra santa maria

Ca lle falssou os costados a saeta que de forte
baesta fora tirada *e* colleu tal desconorte
20 *que* ben cuidou *prender* morte
que al y non aueria
De sperital celorgia
ben obra santa maria

Por end a santa maria souue log acomendado
e tiraron lla saeta ben pelo outro costado
25 desi o logar sarrado
foi *que* ren non parecia
De spirital celorgia
ben obra santa maria

E desto santa Maria de salas *quantos* estauan
no logar *que* o miragre uiron muito a loaron
30 *e* a aquel conssellauan
que foss y en romaria
De spirital celorgia
ben obra santa maria

[16r] miniatura

[16v]

F 15 <CSM 309>

[E]sta e de como foi feita a primeira eigreja de santa maria en roma

Non deuen por marauilla tēer en querer deus padre
mostrar mui grandes miragres pola bēita ssa madre

Dest un fremoso miragre uos direi que foi uerdade
que mostrou santa maria en roma nobre cidade
5 eno tempo que ia era tornada en creschandise
por acrecentar a lee de deus seu fill e seu padre
Non deuen por marauilla

En aquel tempo en roma ùu papa santo auia
e ùu emperadōo bōo *per* quant ele mais podia

10 seruia multe amaua a uirgen santa maria
 en que deus quis prender carne e fazer dela ssa madre
 non deuen por marauilla

 En aquel tempo tan bõo de que uos eu ora digo
 era o pobro de roma todo a tan muit amigo
 15 da uirgen santa maria e auia ben con sigo
 a creença de seu fillo iesu criste de deus padre
 Non deuen por marauilla

 E por que en todo roma non era enton eigreja
 desta uirgen groriosa que sempre bẽeita seia
 20 querian fazer end hũa mui grande nobre sobeia
 enque fosse deus loado e ela que e ssa madre
 Non deuen por marauilla⁸⁴

[17r]

F 16 <CSM 313>

[E]sta e como santa maria de vilasirga guardou hũa naue con gente que ouuera de
 perigoar no mar

Ali u todos los santos [] non an poder de põer
 consello pono a uirgen deque deus quiso nacer

 Ca razon grande dereito e de mais toste prestar
 sa graca ca doutro santo pois que deus quiso fillar
 5 sa carne fazerss ome por nos per ela saluar
 e fezea de uertudes fonte deulle seu poder
 Ali u todos los santos non an poder

 E por en dizer uos quero dela miragre que sei
 que loaredes seu nome aynda uos mais direi
 10 connocerdes de certo que sabença do gran rei
 seu fillo de pran a ela por tal miragre fazer
 Ali u todos los santos

⁸⁴ Falta texto por perda de folio Segundo a versión presente no códice E quedarían dez estrofas máis.

Aqueste miragre fezo assi com aprendi eu
a uirgen santa maria de vila sirga con seu
15 poder *e* parad y mentes *e* ren non uos seia greu
ca eu de loar seus feitos ei sabor *e* gran prazer
Ali u todos santos

Hũa naue periguada andaua com aprendi
pelo mar en gran tormenta *e* quanta gent era y
20 estauan en mui gran coita *e* assi com eu oy
a nauera ia quebrada desi o mar a crecer
Ali u todos santos

Começou tan feramente *e* engrossar cada uez
e uoluendoss as areãs desi a Noite sse fez
25 cona tormenta mui forte negra ben come o pez
de mais uijan da naue muitos a ollo morrer
Ali u todos santos

E por ende braadauan *e* chamauan sennor deus
e san pedre santiago san Nicolas san Mateus
30 *e* santos muitos *e* santas outorgando *que* romeus
de grado seus seerian selles quisesse ualer
{ }

[17v]

Todos en perigoo eran *e* en gran coita mortal
e ben cuidauan *que* fossen mortos non ouuess y al
35 mais ãu crerigo *que* era y pois uiu a coita tal
e oyra dos miragres da santa uirgen dizer
Ali u todos santos

Que ela en vila sirga fez *e* faz a quantos uan
y mercee *e* ajuda pedir das coitas *que* an
40 desi das enfermidades son ben guaridos de pran
o seu corpe os da naue lle foi logo offerer
Ali u todos santos

45 **E** diz uarões chamemos ora de bon coraçon
 a uirgen santa maria de vila sirga *e* non
 se faça end om a fora *e* peçamos lle perdon
 ca a ssa uertude santa nonos a de falecer
 Ali u todos santos

50 **E** os gēollos ficaram como poderon mellor
e o crerigo dizendo madre de *nastro* sennor
 pois gāanas de teu fillo perdon a o peccador
 a nossos erros *non* cates por mercee mas doer
 Ali u todos santos

55 **T**e queiras de nos coitados *e* ualla *nos* o teu ben
e ata uirgijdade *per quess* o mundo manten
 acorrenos sennor bõa pois poder as ende *sen*
 ca sen ti nonos podemos desta coita deffender
 {}

60 **P**ois que tu en vila sirga a os cegos lume das
e ressucitalos mortos pela uertude que as
 acorrenos uirgen santa ca non cuidamos a cras
 chegar mas tu esta coita nos podes toda toller
 Ali u todos santos

65 **O** crerigo pois diss esto os ollos a o ceo alçou
e logo de mui bon grado salve regynna cantou
 a onrra da uirgen madre hũa poomba entrou
 branca en aquela naue coma neue sol caer
 Ali u todos santos

70 **E** a naualumêada aquela ora medes
 foi toda con craridade *e* cada ãu enpres
 a fazer sas orações a a sennor mui cortes
 desi todos começaram o seu nom a bēizer
 Ali u todos santos

E o mar tornou mui manso *e* a noit escrareceu
e a nauen outro dia en saluo porto prendeu

75 *e cada ñu dos da naue assi como prometeu*
offerta a vila sirga non quise falecer
Ali u todos santos

E da offerta fezeron ñu caliz mui grandassaz
que o crerigo adusse a vila sirga u faz
80 *a uirgen muitos miragres assi com a ela praz*
e por ende lle roguemos que nos faça ben uiuer
{ }

[18r] miniatura

[18v]

F 17 <CSM 207>

Esta e como ñu caualeiro poderoso levava a mal outro por un fillo quelle matara e
soltoo en hũa eigreia de santa maria e disselle a magestade graças por en

Se ome fezer de grado pola uirgen algun ben
demostrar llauera ela sinaes que lle praz en

*D*esto uos direi miragre ond aueredes sabor
que mostrou santa maria con merce *e* con amor
5 *a un mui bon caualeiro e seu quito seruidor*
que ena servir metia seu coração e seu sen
Se ome fezer de grado pola uirgen algun ben

El auia un seu fillo que sabia mais amar
ca si *e* un caualeiro matoullo *e* con pesar
10 *do fillo foi el prendelo e quiserao matar*
u el seu fillo matara que lle non ualuesse ren
Se ome fezer de grado pola uirgen algun ben

E el leuandoo preso en hũa eigreiantrou
e o pres[] entrou pos el e el del non se nembrou
15 *e pois que uiu a eigreia da uirgen y soltou*
e omildouss a ymagen e disse graças por en
Se ome fezer de grado pola uirgen algun ben

[19r] miniatura

[19v]

F 18 <CSM 294>

[E]sta e como hũa moller *que iogaua os dados en pulla* lançou hũa pedra a a omage de *santa maria por que perdera e parou ùu angeo de pedra que y estaua e* recebeu o colbe

Non e mui gran marauilla seereren obedeentes
os angeos a a madre *daquel* cuios son sergentes

Onde uos rogo amigos que un gran miragre ouçades
que fezo santa maria en pulla *e ben sabiades*
5 *que des que o ben oirdes certo sōo que tennades*
mais o coraçon en ela e seiades chus creentes
non e mui gran marauilla

Esto foi a hũa festa desta uirgen groriosa
que ant hũa ssa eigreia mui ben feita *e fremosa*
10 *fillouss a iogar os dados hũa moller muit astrosa*
con outros tafures muitos que non eran seus parentes
non e mui gran marauilla

Aquesta moller catiua foi de terra *Dalemanna*
e perdendo aos dados creceoll en tan gran sanna
15 *que fez hũa gran sandece e oyd ora quamanna*
por que guardados seiades de seerdes descreentes
{ }

Hũa omagen fremosa da uirgen santa maria
de pedra mui ben laurada sobre la porta sija
20 *e dous angeos ant ela e qual quer deles auia*
senllas mãos enos peitos e enas outras teentes
non e mui gran marauilla

Eran come senllos libros de mui gran sinificança
por que todos os saberes saben eles *sen dultança*
25 *as outras mãos nos peitos tiinnan por semellança*
que en deus sas uontades tēen sempre mui feruentes
non e mui gran mrauilla

30 **O**nd esta moller sandia uiu hũa pedre fillou a
e catou a a omagen da uirgen e dẽostou a
e lançoull aquela pedra por ferila mas errou a
ca os angeos que eran ant ela foron presentes
Non e mui gran marauilla

35 **P**or a ssa sennor guardaren ùu deles alçou a mão
e recebeu a ferida mas ficoull o braço são
e quantos aqwesto uiron fillaron logo de chão
a moller e dar con ela foron nas chamas ardentes
non e mui gran marauilla

40 **O** Angeo teue sempre de pois a mão tenduda
que parou ant a omagen pera seer deffenduda
onde aquela omagen foi de pois en car teuda
mui mais ca ante non era de todas aquelas gentes
{ }

[20r] miniatura

[20v]

F 19 <CSM 288>

*[E]sta e como un ome bõo de religion foi ueer a eigreia u iazia o corpo de sant
Agostin e uiu y de noite santa Maria e grandes coros dangeos que cantauan ant ela*

A Madre de iesu cristo uedes a quen aparece
aquen o ben de seu fillo e dela auer merece

5 **E** dest un mui gran miragre uos contarei mui fremoso
que mostrou santa maria a un bon religioso
que delle fazer seruiço sempr era mui aguçoso
e era de bõa uide quite de toda sandece
A madre de iesu cristo

10 **E**le natural dũa terra foi que ora e chamada
cantaaria per nome uiçosa e auondada
e ali sempre fazia ssa uida e ssa morada

seruind a groriosa que aos seus non falece

A madre de iesu cristo

Onde foi hũa uegada que sse meteu en camynno
 pora ueer o sepulcro en *que* iaz sant Agostynno
 15 e pois foi ena eigreia deitousse logo festynno
 ant a capela da uirgen que os ceos escrearece
 {}

E el de noite iazendo chegaron y muitos santos
 cona uirgen groriosa cantando mui dulces cantos
 20 e tantos santos cantauan que uos non sei dizer quantos
 loand a santa maria seu ben e ssa grãadece
 A madre de iesu cristo

E ar cantauan un uessos en *que* diz de com orradas
 son as almas enos ceos dos santos e corõadas
 25 aqueles que as carreiras de deus ouueron andadas
 e por el prenderon morte que a o Dem auorrece
 A madre de iesu cristo

E as uirgões cantauan ben ante santa maria
 e hũa dessas donzelas contra as outras dizia
 30 amigas mui ben cantemos ant aquesta que nos guia
 que a ssa gran fremosura mais ca o sol esprandece
 A madre de iesu cristo

O ome bõ tod esto uiu e deu poren loores
 a deus e pois a sa madre *que* e sennor das sennores
 35 e se ben costumad era outros costumes meliores
 fillou dali adeante e en mui bõa uellece
 A madre de iesu cristo

Morreu e foi a ssa alma pera deus dereitamente
 segund disse Jesu Cristo *que* nunca mentiu nen mente
 40 *que* aos que o seruiren nunca lles falrra niente
 do gran ben do paraíso ca a eles pertēce
 {}

[21r]

F 20 <CSM 306>

[]⁸⁵

pode quanto xe quiser fazer

E daquest un gran miragre auẽo per com oy
a un herege en roma e contan que foi assi
10 dũa omagen que era da uirgen com aprendi
pintada ena Eigreia como uos quero dizer

Por gran marauilla tenno

Esta eigrege aquela que chaman de Leteran
que domperador foi casa que nom ouue octauian
15 mais depois ar foi eigreia do Apostolo san joan
mui nobre e mui ben feita e que costou grand auer

Por gran marauilla tenno

Ali est hũa omagen da uirgen que non a par
pintada ena parede e como a saudar
20 uẽo o Angeo do ceo per que souue denprenar
ela Despirito santo logo sen neun lezer

Por gran marauilla tenno

E tan bon maestre era o pintor que a pintou
que fezo que semellasse que quando a saudou
25 o Angeo como logo a tan toste semprenou
e por en lle fez o uentre mui creçudo parecer

Por gran marauilla tenno

E fez que teuesse cinta ben como prennada sol
cengir per cima do uentre quando lla prenece dol
30 esta omagen un dia uiu a un herege fol
e disse aos crischãos ueede que ides creer

Por gran marauilla tenno

Que santa maria uirgen foi sol non dizedes ren
ca uedes que ten na cinta como moller prene ten

85 Faltan a rúbrica, o refrán e a primeira cobra da cantiga por terse perdido o folio precedente que as contería, polo que o cómputo de versos nesta transcripción iníciase no v.7.

35 suso per cima do uentre muito sodes de mal *sen*
 en creer a taes cousas *nen* sol y mentes meter
 Por gran marauilla *tenno*

Quando aquest ouue dito aquel herege sandeu
 log aaquela omagen a cinta lle decendeu
 40 iuso como a moller uirgen *e* logo lle Descreceu
 o uentr assi come ante que foss ela conceber
 Por gran marauilla *tenno*

Pois esto uiu o herege repentiusse muit enton
e a a virgen bẽeita pidiu chorando perdon
 45 esto fez deus por ssa madre por mostrar *que* con *razon*
 foi prenne seendo uirgen *e* pois que el foi nacer
 Por gran marauilla *tenno*

Esta omagen bẽeita desenton assi esta
 con ssa cinta abaixada *e* sempr assi estara
 50 *e* deus miragres por ela mostrou pois *e* mostrara
 por nos fazer de sa madre a uerdade connocer
 { }

[21v] miniatura

[22r]

F 21 <CSM 239>

Esta *e* dun miragre *que* *santa* Maria fez en Murça por un ome *que* deu seu auer a
 guardar a outro *e* negoullo *e* iurou *por* en

Gvardar se deue tod ome de iurar gran falssidade
 ant a omagen da uirgen que e sennor de uerdade

E desto uos quero falar
 dun gran miragre *e* contar
 5 que *santa* maria mostrar
 foi en Murça na cidade
 por un que auer a guardar
 deu a outr en fialdade

Guardar se deue tod ome de iurar gran falssidade
ant a omagen da uirgen que e sennor de uerdade

[22v]

10 Que llo teuesse por llo dar
 quando llo fosse demandar
 mais aquele foillo negar
 dizendo gran torpidade
 fezeistes sol desto cuidar
15 e allur o demandade
 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

 CA eu non tenno uossauer
 nen nunca foi en meu poder
 e com ides ora dizer
20 tal mentira e calade
 diss o outro ide fazer
 iura ant a magestade
 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

 DA uirgen deque deus prender
25 quis carne por nos e nacer
 dissoll aquel sol detêr
 non me quero pois andade
 a iura ende receber
 e pois do al uos quitade
30 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

 Daquesto iurar non dultou
 e pois que a iura iurou
 da eigreia yr se cuidou
 mas esto foi uanidade
35 ca o queixo lle derribou
 deus con grand enfermidade
 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

E quis falar mas *non* falou
 e pero a yr sse fillou
 40 e u a ssa casa chegou
 muit adur disse chamade
 un prest aquen se confessou
 destes mēores ũu frade
 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

45 E começooss a repentiR
 de seus peccados e sentir
 mas aquel *non* quis descobrir
 deque fez grand ãidade
 ca outra door lo ferir
 50 foi por en par caridade
 Guardar se deue tod ome
 de iurar gran falssidade

E tan muito o foi seguir
 que ia *non* pude mais mentir
 e o frade fez uĩjR
 55 dizendo por deus uuiade
 ca a alma mi quer sayr
 por que menti e uos dade
 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

My conssello ca fiz gran mal
 60 ca iurei come desleal
 par deus gran mentira mortal
 e a deus por mi rogade
 e ao que fui mentiral
 o seu do meu llo pagade
 65 Guardarsse deue tod ome
 de iurar gran falssidade

A a uirgen que pode ual
 madre do Rei esperital

por mi rogado en *guisa* tal
que non cate mia maldade
70 e a tercer dia sen al
foi morte por en loade
Guardarsse deue tod ome
de iurar gran falssidade

A uirgen mui de coraçon
todos con gran deuoçon
75 que sempre derre docaion
nos guarde *por* sa bondade
e que de seu fillo perdon
nos de por ssa piedade
Guardarsse deue tod ome
de iurar gran falssidade

80 Assi que do demo felon
non entremos en sa priion
nen caiamos en cofoion
mentindo por liualdade
e pois el pres por nos paxon
85 de nos no seu reyndade
Guardarsse deue tod ome
de iurar gran falssidade

[23r] miniatura

[23v]

F 22 <CSM 265>

Como santa maria guareceu a johan damacão da mão que lle mandara tallar o
emperador

Sempr a uirgen santa da bon gualardon
aos seus que torto prenden sen razon

Un miragre desto que escrit achei
en un liurantigo uos ora direi
5 que a uirgen madre fez do alto rey

ond aiades piadade deuoçon

Sempr a uirgen

Iohan damascen ouue nome sei ben
 por quen o miragre fez aque nos ten
 10 enfirmesperança de nos fazer ben
 eno parayso u os santos son
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

Est ome de linnage foi non rafez
 mais de grande sempre de sa menyneez
 15 aprendeu nas artes por que mayor prez
 ouue dos que eran en ssa sazón
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

De saber e soube sempre ben sen mal
 e santa maria a que pode val
 20 amou mais que al ren e por lle leal
 seer entrou logo en religion
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

E sas oras todas sempre Ben rezou
 e pois foi de missa mui ben a cantou
 25 a uirgen loando mais pois catiuou
 de mouros e leuado foi en prijon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

A perssia e un mouro rico Deu
 por el seu auer e ficou seruo seu
 30 e aly iazendo per quant aprix eu
 sempr a deus rogaua mui de coraçón
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

E a santa maria que ajudar
 o quisesse daquela coita tirar
 35 e ela o fez a seu sennor amar
 assi que o leixou entrar a baldon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

En ssa casa e amostrar a Leer
a seu fille outrossi a Escreuer
40 com el escreuia que sol connocer
non podian nen fazer estremaçon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

Qual deles escreuia mais nen mellor
e pois esto soube o Emperador
45 enuiou dizer aaquel seu sennor
que logo sen al llo enuiassen don
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

[24r]

Ele o fezo logo manaman
e o emperador poilo uiu mui gran
50 prazer con el ouue en orden de san
Bẽeito o fez logo meter enton
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

Un mōesteiro per quant aprendi
que era en roma e yano y
55 veer a meude el Estand aly
seu conssell oya sempr e seu sermon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

E sempre lle conssellaua que con deus
se teuesse muite Desy a os seus
60 sempre ben fezesse pobres e Romeus
ouuessen mui gran parte mui gran quinon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

MAs en perssia o fillo do burges
cuio preso fora tal Enueia pres
65 que fezo de cartas dous pares ou tres
e enuiou sobre atal entençon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

Por que ssa letera estremar a dur
 poderia ome da sua nen llur
 70 poilas achassen ca nunca mur *con* mur
 se mais semellaron en sua feiçon
 Sempr a uirgen *santa da bon gualardon*

E disse a un seu ome uaite senner
 ben aly u o Emperador seuer
 75 aquestas cartas deitaras como *quer*
 long hũa Doutra ca aiuntadas *non*
 Sempr a uirgen *santa da bon gualardon*

E o Mandadeiro desto non falir
 quis *e* foi deitar as cartas sen mentir
 80 u o Emperador achou que abrir
 as foi *e* tornou brauo com un leon
 Sempr a uirgen *santa da bon gualardon*

CA as cartas dizian aos dala
 nossos amigos que en Affrica a
 85 eu johan damascão que uiuaca
 uos enuio saudar con bẽeiçon
 Sempr a uirgen *santa da bon gualardon*

De deus nosso padre que en ceo sse
 que eno Empeiro pouca gent e
 90 sabede *e* mal bastido ala ffe
 esta por que uos toste de suggeçon
 {}

Poderedes sayr ora se uos praz
 o Emperador pois uiu esto assaz
 95 catou as leteras *e* disse maluaz
 johan Damascen aquesta traiçon
 Sempr a uirgen *santa da bon gualardon*

Fez ca destas leteras soon ben fis
 que ele as escreuiu par san denis

100 mais farei uoll eu oque mal fazer quis
que el de ssi ueia mui maa vijon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

*L*og enton a os seus consello pediu
sobraqueste feito *e* pois que oyu
105 a don johan Damascão u o uyu
o Poboo mandoulle fazer lijon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

*E*a un seu ome disse logo tol
lla mão destra por que fez come fol
110 aquela carta *e* pois faça ssa prol
per u mais poder *e* el en oraçon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

*S*e foi deitar per com o escrito diz
anto altar da santa emperadriz
115 *e* dizend assi set eu seruiço fiz
mostra teu miragr en tan grand ocaion
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

*Q*ue colli da mão mais quant hũa noz
non dou pela chaga ca non dol nen coz
120 mais que es madre daquel que ayo
chamade dos gregos fas ta petiçon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

*Q*ue me de mia mão ca eu nunca fix
esta traiçon nen fazela non quix
125 *e* se cantar ou loor eu de ti dix
que te prouguesse faslle tu este son
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

*T*oda a Noite ben atēena Luz
iouuesto dizendo *e* tendud en cruz
130 ant o altar mais la que sempre aduz
ben trouxe a Mão *e* eno tocon
Sempr a uirgen santa da bon gualardon

LLa pos e foi são eno mes d'abril
 e logo ant o Emperador gentil
 135 e ante outros omēes ben cen mil
 cantou sa missa e fez gran precisson
 {}

[24v] miniatura

[25r] miniatura

[25v]

F 23 <CSM 324>

Esta e como santa maria guareceu na ssa eigreia en seuilla ũu mudo que auia dous
 anos *que non* falara

A sennor que mui ben soube per sa lingua responder
 a gabriel mui ben pode lingua muda correger

DAquest un muj gran miragre uos direi sen ren mentir
 mui fremose muit aposto e saboroso doyr
 5 que mostrou santa maria aquela que foi parir
 deus e ome iesu cristo que por nos quis pois morrer

A sennor que muj ben soube per ssa [26r] lingua responder
 a gabriel mui ben pode lingua mudac

Aquesto foi en seuilla por quant end eu aprendi
 dũa omagen mui bela que trouxera el rei y
 10 da uirgen santa maria que eu per meus ollos uj
 fazer mui grandes miragres en enfermos guarecer
 A sennor *que mui ben soube*

Esta era tan fremosa e de tan bõa feiçon
 que quen quer que a uija folgauallo coraçõ
 15 e por end el rei todos auian gran deuõ
 en ela e amyudi a yan por en veer
 A sennor *que mui ben soube*

20 **O**nd auẽo pois na festa do dia en que naceu
esta uirgen groriosa *que* nos muito mal tolleu
que o Demo *nos* fazia *e* ena Graça meteu
de seu fillo jeso cristo que quis ome deus seer
A sennor que mui ben soube

25 **E**sse dia que uos digo el Rei ssa Missa oyu
na grand eigreia da see quesse nunca en partiu
ata que foi toda dita mais o Poble lle pediu
que aquela ssa omagen lles feze aly trager
A sennor que mui ben soube

30 **E**l rei con amor grande que auia do logar
por que seu padre sa madre fezera y soterrar
outorgoulles a omagen *e* non quis per ren tardar
quella non trouxesse logo sen fillar neun lezer
A sennor que mui ben soube

35 **E** foi log a ssa capela quesse non deteu ren
e leuoulles a omagen apostamente mui ben
con mui grandes precissões com atal feito conuen
loand aque e loada *e* deue sempre seer
A sennor que mui ben soube

40 **E** tanto que a omagen a a eigreia chegou
ũu mudo *que* dentr estaua per sinas empreguntou
que er e pois llo disseron a lingua selle soltou
falande a uirgen santa começou a Bẽeizer
A sennor que mui ben soube

45 **D**ous anos foron *que* nunca falara el tal nen qual
mas oque primeiro disse foi santa maria ual
ca por ti soon guarido ai sennor esperital
e começou log as mãos contra os ceos erger
A sennor que mui ben soube

El rei *e* quantos y eran deron por en gran loor
a a uirgen groriosa madre de nostro sennor

50 por que ael *e* a todos lles mostrou atal *amor*
 que tan fremoso miragre foi ben ant eles fazer
 {}

[26v] miniatura

[27r]

F 24 <CSM 321>

Como santa maria guareceu en cordoua hũa moça dũa grand enfermidade que auia

O que mui tarde ou nunca se pode por meezynna
 sãar en mui pouco tempo guareça santa reynna

Ca oque fisica manda fazer por auer saude
 o enferm en grandes tempos sãa per sa gran uertude
 5 tan toste santa maria por en se ela maiude
 uos direi un seu mjrage que fez en hũa meninna

O que mui tarde

Esta de cordoua era natural *e* padecia
 enfermidade mui forte que na garganta auia
 10 aque chaman lamparões que e maa maloutia
 e passara ia tres anos que eta door tijnna

O que mui tarde

[27v]

Sa madre con coita dela ental *quella* ben guarissen
 non catou de dar a meges todo quanto lle pedissen
 15 nen a fisicos da terra rogandolles que a uissen
 e marauedis quinentos ou mais lles deu a mesqynna
 O que mui tarde ou nunca

Mais eles por nulla cousa quelles desse non poderon
 sãala nen prol lles ouue quanta fisica fezeron
 20 pero todolos dynneiros que ela lles deu ouueron
 assi que a moller bõa ficou en cona espynna
 O que mui tarde ou nunca

A moller con esta coita non sabia que fizesse
e do auer e da filla que consello y presesse
25 mais enton ùu ome bõo conselloulle *que* dissesse
est al rei e a leuasse ca pera el conuiynna
O *que* mui tarde ou nunca

E dissell ai moller bõa se nostro sennor maiude
todolos reis crischãos an aquesto por uertude
30 *que* sol *que* ponnan sas mãos sobre tal door saude
an e por en uos consello *que* seiades mannanynna
O *que* mui tarde ou nunca

Antel rey e irey logo uosco se deus me defenda
de mal e de uossa filla lle contarei uossa fazenda
35 e desque llo ouuer dito ben sei logo sen contenda
que el rey por sa mercee uos acorrera agynna
{ }

El foi al rey e contoullo e resposllei rey amigo
a esto que me dizedes uos respond assi e digo
40 *que* o *que* me consellades sol non ual ùu mui mal figo
pero que falades muito e toste com andorynna
O *que* mui tarde ou nunca

CA dizedes que uertude ei dizedes neicidade
mais fazed agora tanto eu direi e uos calade
45 e leuarei a menynna ant a bela maiestade
da uirgen *que* e enuolta ena purpura sanguynna
O *que* mui tarde ou nunca

E pois for a missa dita lauena da agua crara
a ela e a seu fillo tod o corpo e a cara
50 e beuao a menynna do calez *que* sobra ara
esta u sse faz o sanguj de deus do uynno da uynna
O *que* mui tarde ou nunca

E beuaa tantos dias quantas letras son achadas
eno nome de Maria escritas e feguradas

55 *e assi no Dia quinto seran todas acabadas*
e desta enfermidade guarra log a pastorynna
O que mui tarde ou nunca

Esto foi feita a moça a quatro dias guarida
foi do brace da garganta pola sennor que da uida
 60 *aos que aman seu fillo e tal saude comprida*
ouue sen beuer arroppe nen auer banno de tynna
{ }

[28r] miniatura

[28v]

F 25 <CSM 322>

Como santa maria guariu ùu ome en euora que ouuera de morrer dun osso que tija
na garganta

A virgen que de deus madre este filla e criada
dacorrer os peccadores senpr esta apparellada

Ca nos non acorr en dia sinaado nen en ora
mas sempre en todo tempo dacorrer non nos demora
 5 *e punna en todas guisas como non fiquemos fora*
do Reyno de deus seu fillo ond e Reynna alçada

A virgen que de deus madre este filla e criada
dacorrer os peccadores sempr esta apparellada

De mais sinaadamente nas grandes enfermidades
de doores e de coitas acorre con piadades
 10 *e de tal razon com esta uos direi semascuitardes*
un gran miragre que fezo esta sennor muitonrrada
A uirgen que de deus madre

En euora foi ùu ome que ena uirgen fiaua
muito e que cadadia a ela sacomendaua
 15 *e auẽoll hũa Noyte en ssa casa u cẽaua*
que ouuera seer morto a Desora sen tardada
A uirgen que de deus madre

CA el gran comedor era *e* metia os bocados
muit a meude na boca grandes *e* desmesurados
20 *e* aa Noite cêaua dũus cõellos assados
atrauessouxell un osso na garganta *e* sarrada
A uirgen que de deus madre

A ouue de tal maneira que cuidou ser affogado
ca aquel osso llauia o Gorgomel atapado
25 assi que en pouca dora o ouue tan fort inchado
que folego non podia coller nen ar falar nada
A uirgen que de deus madre este

Assi esteue gran tempo que sol comer non podia
nen beuer nehũa cousa se non caldou agua fria
30 ataque chegou a festa da uirgen santa maria
que cae no mes Dagosto quand ela foi corõada
A uirgen que de deus madre

Enton todos seus parentes *e* amigos o fillaron
e aa Egreia Desta nobre sennor a leuaron
35 *e* teendoo por morto ant o altar o deitaron
e teuy aquela Noite *e* contra a madurgada
A uirgen que de deus madre este

Qvand a missa ia dizian fillo o toste tan forte
que todos cuidaron logo que era chegad a morte
40 mais a uirgen groriosa que dos coitados conorte
este non quis que morresse aly Daquela uegada
A uirgen que de deus madre este

Mas guisou que en tossindo lle fez deitar mantẽente
aquel osso pela Boca ante toda quanta gente
45 y estaua *e* tan Toste loores De bõamente
deron a santa maria a madre de deus amada
A uirgen que de deus madre este

[29r] miniatura

[29v]

F 26 <CSM 323>

Como santa maria resucitou en coira ña aldea de seuilla ñu menynno de morte

Ontre todas as uirtudes que a a uirgen son dadas
e de guardar ben as cousas que lle son acomendadas

Ca ela que e guardada pode guardar sen contenda
ben o quell a guardar deren e tẽer en ssa comenda
5 e por end un gran miragre direi se deus me deffenda
que fez esta que ia outros a feitos muitas uegadas

Ontre todas as uirtudes que a a uirgen son dadas
e de guardar ben as cousas que lle son acomendadas

[30r]

en coira cabo seuilla foi este miragre feito
no tempo que Aboyucef passou ben pelo estreito
10 dalgizira e a terra de seuilla tod a eito
correu e muitas aldeas foron dos mouros queimadas
Ontre todas as uirtudes

aly era un bon ome que un flynno auia
pequeno que tant amaua com a uida que uiuia
15 a este deu hũa feuer e foi mort a tercer dia
o padre con coita dele en sas faças deu palmadas
Ontre todas as uirtudes

e depenou seus cabelos e fez por ele gran doo
dizendo ai eu meu fillo como fico de ti soo
20 quisera eu que tu uisses min com eu ui teu auoo
meu padre que me fazia muitas mercees grãadas
Ontre todas as uirtudes

e el aquesto dizendo os mouros logo deitaron
sas algaras e correron e roubaron quant acharon
25 e os de coira correndo todo o logar leixaron
e fogiron e ficaron as casas desamparadas
Ontre todas as uirtudes

aquel ome que seu fillo pera soterrar estaua
quando uiu correr a uila o fillo desamparaua
30 e aa uirgen Bēeita logo o acomendaua
e todo quant al auia chorando a saluçadas
{ }

foiss o ome e os mouros tod aquel logar correron
mais na casa daquest ome non entraron nen tangeron
35 e pero todos os outros quant auian y perderon
non perdeu o ome bōo ualor de tres dynneiradas
Ontre todas uertudes

ca log en aquela casa entrou a sennor comprida
de todo ben e tan toste deu ao minynno uida
40 e guardou as outras cousas que non achou pois falida
ome de ren en sa casa nen sol as portas britadas
Ontre todas uertudes

e achou seu fillo uiuo e preguntoulle que era
onde como resorgira ca por morto o teuera
45 e el lle disse que hūa dona con el estedera
que o guardara dos mouros e sas cousas ben guardadas
Ontre todas uertudes

foran que sol non tangeran en elas nen niūu dano
fezeran nen eno leito nen na mesa nen no scano
50 quand est oyu o bon ome com era mui sen engano
foi chamar a seus uezynnos e pois lles ouue mostradas
Ontre todas uertudes

todas estas marauillas loores por ende deron
aa uirgen groriosa e aquantos llo disseron
55 bēeizeron o seu nome e gran festa lle fezeron
e ouuy con alegria muitas lagrimas choradas
{ }

[30v] miniatura

[31r]

F 27 <CSM 240>

[E]sta e de loor de santa maria

[O]s peccadores todos loaran
santa maria ca dereit y an

[E]Na loar e dizelo seu ben
e non cuidar nunca en outra ren
5 ca pois que peccan per seu mao sen
roga por eles a do bon talan

[O]s peccadores todos loaran
santa maria ca dereit y an

eNa loar e sempre loarey
os seus feitos ca outro ben non ei
10 e por aquesto dereito farey
e os coitados dereito faran
Os peccadores todos loaran

eNa loar e sempr esto fazer
por las coitas de que faz lezer
15 quando deus uee yrado seer
por los pesares quelle fazer uan
Os peccadores todos loaran

eNa loar e nunca fazer al
ca u a chaman sempr ela y ual
20 e per ela somos liures de mal
e do peccado que fezo adan
Os peccadores todos loaran

eNa loar e dizer o seu prez
e quanto ben ela no mundo fez
25 e como roga por nos cada uez
que pecamos por nos saluar de pran
Os peccadores todos loaran

eNa loar *e* dereito sera
ca muito *ben* nos fez sempre fara
30 *e* se non foss ela foramos ia
todos con abiron *e* con datan
Os peccadores todos loaran

eNa loar *e* faran gran razon
ca ela ped a seu fillo perdon
35 *quand* eles erran *e* outro padron
nunca ouueron neno aueran
Os peccadores todos loaran

eNa loar *e* quen esto fezer
fara dereito pois *sempr* ela *quer*
40 rogar *por* nos u nos a mais mester
por nos tirar de coitas *e* dafan
Os peccadores todos loaran

eNa loar ca deus nonlle fez par
e por en deumos a confiar
45 dela que *por* nos deus uerra rogar
aly u todos muito temeran
Os peccadores todos loaran

eNa loar ca u nostro sennor
eno joyzo mais yrado for
50 perdõarlles a polo seu amor
e estes taes non se perderan
{ }

[31v] miniatura

[32r] miniatura

[32v]

F 28 <CSM 285>

[E]sta *e* como santa maria fez a a monia que non quis por ela leixar dessir con un
caualeiro que sse tornas a sua orden *e* a o caualeiro fez outrossi que fillasse religion

[D]o dem a perfia
nona toll outra cousa come santa maria

[D]est un fremoso miragre uos quer eu ora contar
 que por hũa monia fazer quis a santa reynna
 5 que per com eu aprendi era de mui bon semellar
 e de fremoso parecer e aposta minynna
 e gran crerezia
 e grand ordynnamento esta dona auia
 e demais sabia
 10 amar mais doutra cousa a uirgen que nos guia
 [D]o dem a perfia nona toll outra cousa come santa maria

[S]en tod esto delinnage muit alt era e mellor
 falaua doutra moller e por aquesto a essa
 fillou por sa companneira e por sa aguardador
 15 por que muito a preçaua de sen a Abadessa
 e u quer que ya
 ia mais aquela monia nunca de sy partia
 ante a metia
 entodolos seus feitos cada que os fazia
 20 Do dem a perfia

un sobrynn est abadessa auia que mui gran ben
 queria que era minynne apost e fremoso
 este des que uiu a monia quis lle mellor doutra ren
 e en guisar que a ouuesse foi tan aguçoso
 25 que non era dia
 quell el muitas uegadas sa coita non dizia
 e lle prometia
 que sse con el se fosse con ela casarya
 Do dem a perfia

e demais que grand herdade lle daria e auer
 e a terria sempr onrrada rica e viciosa
 e que nunca del pesar receberia mais prazer
 e tanto lle diss aquesto que ela saborosa
 foi e dalegria
 35 lle iurou en sas mãos que con ele sirya
 e que leixaria
 log aquel mōesteiro u al non aueria
 Do dem a perfia

[33r]

essa noit *aquela* monia todas sas cousas guisou
 40 *por se con* seu amigo yr mas en hũa capela
 da uirgen *santa* marianto altar sagẽollou
 chorand ant hũa sa omagen que era mui bela
 e sell Espedya
 mas quando foi na porta per ela non podia
 45 sayr ca viya
 deant a maiestade que lla porta choya
 Do dem a perfia

desto foi tan espantada e ouue pauor atal
 quesse foi quanto ir mais pode a o Dormidoyro
 50 maila uirgen groriosa reynna esperital
 fezo que a el essa noite enganou agoyro
 e fuisse ssa via
 maldizendo quen nunca por moller creeria
 e Ela iazia
 55 coitada en seu leito que per ren non durmia
 Do dem a perfia

outro dia gran mannaa atanto que a luz uiu
 a Abadessa sse leuou e a monia con ella
 e log aquel seu amigo uẽo quell arreferyu
 60 como non sayu a ele deque mui gran querela
 sempr auer Deuya
 mais ella lle iuraua que mui mal se sentya
 pero toda uya
 quando uẽess a noite que pera el yrssya
 65 { }

pois uẽo a outra noite como na primeira fez
 e por irssende sa carreira foi a a Eigreia
 e quando ssen quis sayr a uirgen *santa* do bon prez
 parousell en cruz ena porta e disse non seia
 70 que tan gran folia
 faças contra meu fillo nen tan grand ousadia
 ca eu non seria
 tẽuda de rogarlle por ti nen moirya
 Do dem a perfia

- 75 a monia *con* mui gran coita de *con* seu amigo syr
 macar de noit aa eigreia foi na Maiestade
 sol mentes *non quis* tēer ante foi a port abrir
e sayu per ela *e* fuisse *e* fez y maldade
 mas muit en prazia
- 80 a aquel seu amigo *e* ben a recebya
e logo Tragya
 un palafren mui branco en que a el subia
 Do dem a perfia
- 85 pola leuou a ssa terra *e* *con* ela iuras pres
 mui ben llouue *comprid* aquilo que lle conuēera
 aynda mui mais lle deu *que* ante *que* passas un mes
 a fez sennor de sa erdade mais call el dissera
e ela viuya
 a mais uiçosa dona que uiuer poderya
- 90 *e* quanto querya
 tod aquel seu amigo lle daua *e* *compria*
 { }
- 95 assi ambos esteueron uiçosos a seu talan
e deus soffreu *que* ouuessen fillos muitos *e* fillas
 mui grandes *e* mui fremosos mas a uirgen *que* mui gran
 pesar ouue daqueste feito fez y marauillas
 que apparecy a
 a ela en dormindo *e* mala reprendya
 dizendo sandya
- 100 *e* como começaste a tan gran bauequia
 Do dem a perfia
- 105 eN leixar teu mōesteiro u uiuias com eu sei
 mui bene muitonrradamente *e* yr ta carreira
e desdennares amin *e* a meu fillo santo Rei
e non aueres uergonna en ni hũa maneira
 por est eu Terrya
 por ben quete tornasses pera a ta Mongya
e eu guisarya
 logo *con* deus meu fillo que te perdōarya
- 110 Do dem a perfia

[A] dona daqueste sonno foi espantada assy
que tremendo multe chorando diss a seu marido
toda a uison que uira e per quant eu aprendi
quiso deus que da sa graça foss ele ben comprido
105 e o quell oya
todo llo outorgaua e dela sse partya
e doutr abadya
religion fillaua en que a deus seruia
{ }

[33v] miniatura

[34r]

F 29 <CSM 303>

[E]sta e como a omage de *santa Maria* falou nas olgas de burgos a hũa *menynna*
que auia gran medo de ssa tia por trauessura *que* fezera

Por fol tenno quen na uirgen non a mui grand asperança
ca noss esforce nos medos e nas coitas amparança

Desto direi un mjrage que conteu no mōesteiro
de Burgos e sem oyrdes direiuolo tod inteiro
5 que mostrou santa maria por toller mede fazfeiro
dũa moça que auia tod esto sen doudança

Por fol tenno *quen na uirgen non a*

[34v]

mui grand asperança
ca noss esforce nos medos e nas coitas amparança

Costume *que* as *menynnas* que ena ordin criadas
son *que* grandes trauessuras fazem algũas uegadas
10 poren freiras *que* as guardan lles dan per *que* castigadas
seian e non façan cousas per que caian en errança
Por fol tenno quen na uirgen

Onde daquesto auẽo que hũa moça fazia
ameudi trauessuras que pesauan a ssa tia

15 *e castigauaa ende ca mayor ben lle queria*
ca si nen a outra cousa e por ende sen dultança
Por fol tenno quen na uirgen

*A*tan gran medo auia dela que sol non ousaua
 aparecer u a uisse *quand* algũa uez erraua
 20 *e a freira dũa parte a ferie castigaua*
e da outra lle fazia muit algue muita criança
Por fol tenno quen na uirgen

*O*nde un dia llauẽo *que* fez mui gran trauessura
 por que aquela ssa tia ouue dela gran rancura
 25 *e buscou a por ferila mais ela por ssa uentura*
bõa foiss aa omagen da uirgen sen demoraça
Por fol tenno quen na uirgen

E chorando *e* tremendo diss ai uirgen groriosa
 acorrem a esta coita tu que es tan piadosa
 30 *que acore los coitados por en sennor preciosa*
fais que est erro que fige que caia en obridança
Por fol tennno quen na uirgen

*D*e mia tia que aquesto nunca lle uenna emente
 respos llenton a omagen mansse en bon contenente
 35 *aquesto que me tu rogas farei eu de bõamente*
tanto que oi mais teu feito nono metas en balança
Por fol tenno quen na uirgen

*D*esto que diss a omagen foi a moça espantada
 pero recebeu esforço de *que* foi mui conortada
 40 *e pois uẽo outro dia ssa tia a ouu achada*
e de pois que soub o feito ouue na uirgen fiança
Por fol tenno quen na uirgen

E a ssa sobrynna logo pera ssa casa leuou a
 e desali adeante amou a multe onrrou a
 45 *e en logar de com ante a feria faagou a*
e do que sabor auia fez llend amor e pitança
 {}

[35r] miniatura

[35v]

F 30 <CSM 310>

De loor de santa maria

Muito per deua reynna
dos ceos seer loada
de nos ca no mundo nada
foi ben come fror de spynna

5 Ca sempre santiuigada
foi desque a fez seu padre
eno corpo de ssa madre
u iouue des pequenynna

Muito per deua reynna
dos ceos seer loada

10 E ar foi de deus amada
ca sempre fez bõa uida
e de todo ben comprida
ar foi seendo menynna

Muito per deua reynna

15 E por ende saudada
foi do angeo a tanto
que lle disse deus o santo
de ti nacera agynna

Muito per deua reynna
dos ceos seer loada

20 E de pois ficou prennada
de deus poderose forte
que por nos prendeu morte
e resorgiu mannanyynna

Muito per deua reynna
dos ceos seer loada

25 **E** con deus e eixalçada
e el lle deu tal uertude
 que por dar a nos saude
 nola deu por meezynna
Muito per deua reynna
dos ceos seer loada

30 **E** por en sennor onrrada
 ta mercee en mi seia
 que me leues u te ueia
 daquesta uida mesqynna
Muito per deua reynna
dos ceos seer loada

[36r] miniatura

[36v]

F 31 <CSM 253>

[E]sta e como un romeu de frança que ya a santiago foi por santa maria de uila
sirga e non pod en sacar un bordon de ferro que leuaua en pēdença

De grad a santa maria mercee *e* piadade
 a os que de seus peccados lla pede con omildade

Ca pela ssa om[]dade e ela lume espello
 de todos peccadores *e* abrigo *e* consello
 5 *e* a ssa uirgĩdade legou forte no uencello
 o demo que nos quisera todos meter so ssa grade
De grad a santa maria mercee e piadade
aos que de seus peccados

E roga sempr a seu fillo esta uirgen corõada
 polos erros que fazemos en esta uida menguada
 10 *que nos perdon os peccados ca xe nossa auogada*
 poren dela un miragre direi *e* uos mascuitade
De grada santa maria

Un ome bõo moraua ena vila de Tolosa
que como *quer que* peccasse ena uirgen groriosa
15 sempr auia *gran* fiança mais a *sennor* piadosa
mostroulle ben *que* auia del mercee de uoontade
De grada santa maria

O ome bõo entendeu que andaua en pecado
e fuisse confessar logo *e* pois foi *ben* confessado
20 recebeu en pēdença que fosse logo guisado
 45 que te does dos coitados doete de mi mesquynno
 sennor tu *que* es dos santos espello *e* lumẽeira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

E non queiras que eu moira a gran torte sen dereito
 mas o feito desta cousa per ti seia escolleito
 50 *e* faz *que* meus ãemigos en al façan seu proueito
e tol me de ssa *companna* tu *que* es sen *companneira*
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

E pois aquest ouue dite sa oraçon acabada
 conpriu ben ssa romaria *e* de pois aa tornada
 55 topou en seus ãemigos que lle tiinnan ciada
 mais ueer nono poderon ca non quis a iosticeira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadei

*M*adre de deus Jesu Cristo pero contra el catauan
e pois *que* hũa gran peça en aquel logar estauan
 60 foronsse contra terena u sen dulta o cuidauan
 achar mas o demacharon en forma del na ribeira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

*D*un rio que per y corre de que seu nome *non* digo
 yndo posel braadando aqueste noss ãemigo
 65 *e* o demo contra eles disse que auedes migo
 ca nunca eu uos fix torto sabeo tod esta beyra
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

Mas eles lle responderon don traedor morreredes
e o Demo lles dizia mui gran torto me fazedes
70 ca eu non ei nulla culpa daquelo que mapõedes
mas un foyo acalçando con ssa azcûa monteira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

E foisse a el chegando sa azcûa sobre mão
cuidando ben que corria deposel per un gran chão
75 e que lle daua gran colbe mais sayulle tod en uão
ca azcûa chantou toda per hũa grand azinneira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

De mais en un gran barranco caeu con el o caualo
assi que o non poderon nunca ia dali sacalo
80 e el por un mui gran tempo nono podian sãalo
ca ficou todo Britado dos pees tro ena moleira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

Os outros quando chegaron a el e o iazer uiron
cuidando que era morto muito por ele carpiron
85 mais a qual parte o demo foi per ren nono sentiron
nen uiron sol per u fora fugind en sa egua ueira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

E pois lles aquest auẽo fillaron seu companheiro
e trouxeron a Eluas onde moueran primeiro
90 e souberon o engano quelles fez o dem arteiro
e perdõaron o outro da sanna omezieira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

De ssa moller que matara com eles ante crijan
e que os el perdõasse todos por deus lle pedian
95 mercee e por ssa madre ca ben de certo sabian
que ela o guarecera como guariu a primeira
Quen serue santa maria a sennor mui uerdadeira

Chaga que Adam nos fezo per que perderon a uida
dos ceos muitos e muitas mas esta sennor comprida

- 100 pola sa grand omildade nos deu pera ceo ida
 e fez cobrar parayso que e uida duradeira
Quen serue santa maria a senor mui uerdadeira
de toda cousa o guarda quelle ponnan mentireira

[113v] miniatura

[114r]

F 90 <CSM 237>

Esta e como santa maria fez en portugal ena uila de santaren a hũa moller
peccador que non morresse ata que fosse ben confessada por que iaiũaua os dias das
sas festa e os sabados a pan e auga

SE ben na uirgen confiar
 o peccador sabudo
 querrao na morte guardar
 que non seia perdudo

- 5 *E* desta confiança tal uos direi se quiserdes
 que ouue grand hũa moller e pois que o souberdes
 loaredes a madr enton de deus sse me creuerdes
 e aueredes desaly o dem auorreçudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo
querrao na morte guardar que non seia perdudo

- 10 *E*sta moller en santaren com aprendi moraua
 e pero sa fazenda mal fazia confiaua
 na madre do mantêedor do munde iaiũaua
 o dia da encarnaçon que e stabeleçudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

- 15 *A*s cinque festas da sennor Reynna corõada
 iaiũaua esta moller e non comia nada
 se non pan e agua pero seendo denodada
 muit en seu corp abaldõar est era connoçudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

20 **O**utro costum esta *moller* uos direi *que* auia
missa cada sabad oyr da madre de deus ya
e en aquel dia fazer maldade non queria
por *auer nen* por outra *ren* assi ei aprendudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

25 **U**iuend esta *moller* assi estand *en* tal estado
como uos retray anteu teuassi *por* guisado
dir assa terra *e* enton uestiusse *ben* prouado
e sayus enton dali e non muit ascondudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

30 **M**ais *aquel dia* que sayr auia sabad era
e foi missa oyr enton ca tal costun ouuera
sempre tal die *un garçon* seu ouuen coita fera
e con outros pos ela foi como loucatreuudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

[114v]

35 **E** foya enton acalçar camynno de Leirêa
pelos cabelos a tirou do camynn a gran pãa
ela começou uozes dar ai eu en terrallêa
aque mal tempo me chegou meu feito decebudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

40 **Q**uis *aquel uilão* *comprir* sa uoontade logo
conela mais dissell assi ela por *deus* te rogo
que non seia ca sabad e se *quer* a un moogo
meu abade o prometi mais el foi demouudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

45 **C**ontra ela o traedor *e* diz se non fezeres
ora *quant* eu *quiser aqui* o corpe *quant* ouueres
perdud as *e* ela respos podes *quanto* *quiseres*
fazer mais ant eu *morrerei uilão* falsso rudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

- 50 **E**l con gran despeito trauou dela *e* ameude
 chamou ela madre de deus ualla mata uertude
 a meu mal *non* queiras catar mas o teu ben maiude
e os grandes miragres teus *que* o dem an uençudo
 Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo
- 55 **S**ennor de gran poder uallam a ta bondade
 non me leixes assi perder pola ta piadade
 guardame polo prazer teu do deme de sa grade
 so *que* el muitos meter uai *e* do seu dent agudo
 Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo
- 60 **S**ennor sempr enti confiei como *quer que* pecasse
que dos grandes erros *que* fix a emenda chegasse
e non ei mal pecado ia temp en *que* os chorasse
 mais tu madre do alto rei sei oge meu escudo
 Se ben ena uirgen confiar o peccador sabudo
- 65 **D**aquesta guisa se *queixou* feramente chorando
e non se mãefestou mais forona desnando
 de quanto tragia enton *e* ela braadando
 muito lle mostrou falssamor *aquel que* foi seu drudo
 Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo
- 70 **E**sbulou a *aquel* ladron falsso con gran loucura
 desi degolou a log y sen doe sen mesura
 mais a dequel rei salomon falou *santa e* pura
 a sa oraçon ben oyu *que* sãa cegue mudo
 Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo
- 75 **P**ois *que* a assi degolou mui longe da carreira
 fógiusse leixou a iazer so hũa gēesteira
e chegou logo ben ali a santa uerdadeira
que lle diss enton erget en ca de pran eu taiudo
 {}
- 80 **P**ela mão a foi fillar a uirgen groriosa
 ao camynno a leuou desi mui saborosa

mente a confortou enton diz *non* seias *queixosa*
ca seras salua por que e ia o demabatudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

85 **E** pois disselle sei *aqui non* temas nemigalla
e pornan que *daqui a cras* mãefestes ta falla
quanta as feita contra deus e crei ben que te ualla
meu fille uiueras *con el* pero testa sannudo
Se ben na uirgen confiar o pecador sabudo

90 **E** uas ãu caualeiro uen per aquele recoste
que teu mandado leuara a *santaren* mui toste
e do concello saira contra ti mui grand oste
e mui long este feito teu seera retraudo
Se ben na uirgen confiar o pecador sabudo

95 **C**hegous o caualeir enton ca andaua agynna
e pois *que* uiu assi seer esta moller mesqynna
sinous enton *e* diss assi santa uirgen Reynna
quen foi o que tassi matou seia el cofondudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

100 **C**Aualeiro disselanton *e* por que uos sinades
a mia sennor madre de *deus* faz esto *ben* creades
que quer que me confess ant eu que moira entendades
que sobre los santos tal don a ela recebudo
Se ben na uirgen confiar o pecador sabudo

105 **C**A por *quea* muito chamei um assi degolaron
omees *aque* nunca fiz mal *e que* me roubaron
por *que* fiei no seu amor sol *quem* eles leixaron
por morta uão log a mi que ma *ben* acorrudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

110 **M**ais mãefest aia por *deus* se *ben* fazer *queredes*
aque possa dizer meu mal *e* depois saberedes
da uirgen o gran poder seu *e* ia o *ben* ueedes
que non praz de me perder com algun descreudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

115 O caualeir a santaren se foi dereitamente
e tod aqueste feit enton diss a toda a gente
e a crerizia daly sayu mantenede
do concello ren non ficou nen grande nen myudo
Se ben na uirgen confiar o peccador sabudo

120 Adusserona ben daly u a o caualeiro
achou e foi mui ben enton confessada pimeiro
e comungous e a madre do fillo uerdadeiro
log a alma leuou dela *quell ouue prometudo*
{i }

[115r] miniatura

[115v]

F 91 <CSM 360>

Esta e de loor de santa maria

Loar deuemos a uirgen por que nos sempre gaanna
amor de deus *e* que punna de nos guardar de sa sanna

Ca en quante de deus filla *e* criada *e* amiga
en rogarlle que nos ame sol non a deus quelle diga
5 *e* en quant el e seu fillo pero o mundo iuiga
de nos perdõar por ela non e cousa muit estranna
Loar deuemos a uirgen

E pois deus quis seer ome fillando a carne dela
dali nos faz seus parentes pora amar nos por ela
10 *e* per esta razon misma deuel a perder querela
de nos *e* guardar do demo que engana per manna
Loar deuemos a uirgen

De mais que dira deus padre a seu fill o Dia forte
do joizo quandoll ele mostrar a cruz u *pres* morte
15 *e* as chagas eno corpo *que* *pres* pera dar conorte
anos nunca piedade foi nen sera ia tamanna
Loar deuemos a uirgen

E de mais como *deus* pode seer contra nos irado
quandolle sa madr as tetas mostrar *conque* foi criado
20 e disser fillo por estas te rogo que perdõado
este meu poboo seia e contig en ta *companna*
Loar *deuemos a uirgen*

E por aquesto te rogo uirgen santa corõada
pois que tu es de *deus* filla e madre nossauogada
25 que esta mercee aia por ti de *Deus* acabada
que de Mafomet a seita possa eu deitar *Despanna*
{ }

[116r]

F 92 <CSM 317>

*Esta e como santa maria se uingou do escudeiro que deu couce na porta da ssa
eigreia*

*MAI ssa end achar
quen quiser desonrrar
santa maria*

Como sachou non ay mui gran sazón
5 en galiza un escudeiraz peon
que quis mui felon
britar la eigreia con felonia
Malssa end achar

Santa maria a *hermida* nom a
10 do monte por que en logar alt esta
e foron ala
de *gentes* enton mui gran romaria
{ }

EN hũa festa per com eu aprendi
15 de meant Agosto e pois chegou y
gran gente desi

começaron a tēer ssa vigia

Malssa end achar

quen qui ser desonrrar

santa mria

20 O escudeiro que uos dixे chegou
e uiu ña moça dequeisse pagou
que forçar cujdou
mais ela per ren non llo consentia

Malssa end achar

quen quiser desonrrar

santa Maria

25 E trauando dela cuidou a forçar
mais prouga deus non o pod acabar
ca foill escapar
e fogind a Eigreia sse collia

Malssa endachar

quen quiser desonrrar

santa Maria

30 Aos Braados a gente recodyu
e aminynna mercee lles pediu
que daquel que uiu
a quisessen guardar de ssa perfia

Malssa end achar

quen quiser desonrrar

santa Maria

35 As gentes temendo de lles uijr mal
foron serralas portas logo sen al
e chamando ual
madre de Deus ca mester nos seria

Malssa end achar

quen quiser desonrrar

santa Maria

40 O escudeiro tanto que viu fugir
a moça leixousse depos ela yr

dizendo guarir
non me podes rapariga sandia
Malssa end achar
 quen quiser desonrrar
 santa Maria

45 *E* quando as portas serradas achou
per poucas *que* de sanna sandeu tornou
e logo iurou
que a couces todalas Britarya
Malssa end achar
 quen quiser desonrrar
 santa Maria

50 *C*omo era atreuudo *e* sandeu
quis acabar *aquelo que* prometeu
e o pe ergeu
e ena porta gran couce dar ya
Malssa end achar
 quen quiser desonrrar
 santa Maria

55 *M*As auẽoll en como uos eu direj
britouxell a perna segund apresei
per prazer do rej
fillo da virgen a que desprazia
Malssa end achar
 quen quiser desonrrar
 Santa Maria

60 *E* dal llauẽo aynda mui peor
esmoreceu *con coita e con door*
e *nostro* sennor
sen tod aquest a fala lle tollia
Malssa end achar
 quen quiser desonrrar
 Santa Maria

En tal guisa que pois nunca disse ren
 65 erg ai *santa Maria e desen*
tolleite sen sen
uiueu gran temp e per portas pidia
Malssa end achar
quen quiser desonrrar
Santa Maria

[116v] miniatura

[117r]

F 93 <CSM 222>

[E]sta e como ãu capelan que dizia missa no mōesteiro das donas Dachelas que e
 cabo Lisbõa consumiu hũa aranna *quelle caeu no caliz e sangrouse e sayulle uiua*
pela ferida

Qven ouuer na groriosa fiança con fe comprida
 non lle nozira poçõya *e darlla por sempre uida*

Ca ela troux en seu uentre uida *e luz uerdadeira*
 per que os que errados son *saca de maa carreira*
 5 de mais contra o diabo *ten ela por nos fronteira*
 como nos nozir non possa *en esta uidescarnida*
 Qven ouuer na groriosa

Pois dizer uos *quereu dela un miragre mui fremoso*
e ben creo que uos seia doyllo mui saboroso
 10 *e demais pera as almas seeruos aproueitoso*
e per mi quant ei apreso non sera cousa falida
 Qven ouuer na groriosa fiança con fe comprida

En portugal apar dũa uila mui rica cidade
 que echamada Lixbõa com eu achei *en uerdade*
 15 ai un rico mōesteiro *dedonas e castidade*
 matēen *que pois nos ceos aian por sempre guarida*
 Qven ouuer na groriosa fiança con fe comprida

Este mōesteir Achelas a nome si e chamado
e un capelan das donas bõo ome enssinado
20 estaua cantando missa com auia costumado
e auẽoll assi ante que foss a missa fñda
Quen na groriosa fiança ouuer con fe comprida

Quando consumir ouue o corpo de Jesu Cristo
per que o demo uençudo foi ia por sempre coquisto
25 caeo dentro no caliz esto foi sabude uisto
per un fiũa aranna grande negre auorrída
Quen ouuer na groriosa fiança con fe comprida

O capelan hũa peça esteuassi en dultança
e non soube que fizesse pero ouue confiança
30 na uirgen santa maria e logo sen demorança
a aranna con o sangui ouue logo consumida
Quen ouuer na groriosa fiança con fe comprida

Pois *que* ouu a missa dita o capelan logo dessa
foi contar est aas donas desy aa prioressa
35 e con medo da poçõya mandoo sangrar log essa
dona e todalas monias esta cousa foi ordida
Quen ouuer na groriosa fiança con fe comprida

Mas agora oiredes todos a mui gran façanya
que aly mostrou a uirgen nunca uistes tan estrana
40 pelo braço lle sayu uiua aquela aranna
ante *que* sangui saisse per u deran a ferida
Quen ouuer na groriosa fiança con fe comprida

As donas marauilladas foron desto feramente
e a aranna mostraron enton a muita de gente
45 e loaron muita madre de deus padr onipotente
que todos ao seu reino comũalmente conuida
Quen ouuer na groriosa fiança con fe comprida

Nos outrossi ar loemos a uirgen santa maria
por tan fremoso miragre e roguemos noite dia

50 aela *que* do diabo *nos* guarde de ssa perfia
 que pera o parayso uaamos dereita ida
 {}

[117v] miniatura

[118r]

F 94 <CSM 208>

[] ⁸⁷

e o que assi fazia tiinnano por sabudo
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

Onde foi en hũa pasqua que ãu deles comungou
e fillou o corpus *Cristi* mas per reno passou
 20 *e* tod inteiro com era ena boca o Leuou
e esto fez mui cuberto *quelle non fosse sabudo*
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

E pois chegou a sa casa foi atal ssa entençon
 de deital en algun logo mao *e* como felon
 25 foi correndo mui agynna a un seu orto u non
 cuidou *que* o nengun uisse nen en foss apercebudo
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

E en hũa ssa colmẽa o deitou *e* diss assi
 abellas comed *aquesto* ca eu o vinno beui
 30 *e* se uos obrar sabedes verei que faredes y
e desi fuisse mui ledto o traedor Descreudo
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

E quando chegou o tempo que a as colmẽas uan
 por fillar o fruto delas foi el log ala deprean
 35 ueer as suas *e* disse uerei que obra feit an
 na ostia as abellas *e* enton com atreuudo
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

87 Faltan a rúbrica, o refrán e as tres primeiras cobras da cantiga por terse perdido o folio precedente que as conteria, polo que o cómputo de versos nesta transcripción iníciase no v.16.

Abriu mui tost a colmêa *e* hũa capela uiu
con seu altar estar dentro *e* a omagen cousiu
40 da uirgen con seu fillo sobrele *e* ar sentiu
un odor tan saboroso que logo foi *conuertudo*
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

E foi corrend ao Bispo *e* confessousselle ben
e contoull este miragre que sol *non* llen leixou ren
45 ant a crerezia toda *e* o Bispe fez bon sen
e mandou assuar taste o poblo grande meudo
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

E con grandes procissões foron *e* dando loor
a a uirgen groriosa madre de *nostro* sennor
50 *e* cataron a colmêa *e* pois uiron o lauor
deitous o poblo en terra a prezes tod estendido
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo

E repentironsse muito *e* ar choraron assaz
loando santa Maria que taes miragres faz
55 con seu fillo Jesu Cristo *e* adusseron en paz
aa see a capela por que fosse m^ais sabudo
Aquele que na uirgen carne por seer ueudo
[]

[118v] miniatura

[119r]

F 95 <CSM 209>

[*rubrica*]

Muito faz grand erro *e* en torto iaz
a deus quen lle nega o ben que lle faz

Mas en este torto per ren *non* iarei
que non cont o ben que del recebud ei
5 per ssa madre uirgen a que sempr amei
e dea loar mais doutra ren me praz

[M]uito faz grand erro *e* en torto
 Muito faz grand erro *e* en torto iaz
 a deus quen lle nega o ben *quelle* faz

E como non deuo auer gran sabor
 en loar os feitos daquesta sennor
 10 que me ual nas coitas *e* tolle door
e faz moutras mercees muitas assaz
 Muito faz grand erro *e* en torto iaz
 a deus quenlle nega o ben *quelle* faz

Por en uos direi oque passou *per* mi
 iazend en Bitoiria enfermo assi
 15 que todos cuidauan que morres ali
e non atendian de mi bon solaz
 Muito faz grand erro *e* en torto iaz
 a deus quen lle nega o ben *quelle* faz

Ca hũa door me fillou atal
 que eu ben cuidaua que era mortal
 20 *e* Braadaua santa maria ual
e por ta uertud *aqueste* mal desfaz
 Muito faz grand erro *e* en torto iaz
 a deus quen lle nega o ben *quelle* faz

E os fisicos mandauan me pōer
 panos caentes mas nono quix fazer
 25 mas mandei o Liuro dela aduzer
e poseron mio *e* logo iouuen paz
 Muito faz grand erro *e* en torto iaz
 a deus quen lle nega o ben *quelle* faz

Que non braadei nen senti nulla *ren*
 da door mas senti me logo mui *ben*
 30 *e* dei ende graças a ela por en
 ca tenno ben *que* de meu mal lle despraz
 Muito faz grand erro *e* en torto iaz
 a deus quenlle nega o ben *quelle* faz

Quand esto foi muitos eran no logar
que mostrauan que auian gran pesar
35 de mia door e fillauanss a chorar
estand ante mi todos come en az
Muito faz grand erro e en torto iaz
a deus quen lle nega o ben quelle faz

E pois uiron a mercee que me fez
esta uirgen santa sennor de gran prez
40 loarona muito todos dessa uez
cada ñu poendo en terra ssa faz
Muito faz grand erro e en torto iaz
a deus quen lle nega o ben quelle faz

[119v] miniatura

[120r]

F 96 <CSM 210>

[D]e loor de santa maria

Muito foi noss amigo
gabriel quando disse
maria deus e tigo

Muito foi noss amigo u disse aue maria
5 a a uirgen bẽeita e que deus prenderia
en ela nossa carne con que pois britaria
o jnferno antigo
[M]uito foi noss amigo
gabriel quando disse
maria deus e tigo

E nunca nos podia ia mayor amizade
10 mostrar que quand adusse mandado con uerdade
que deus ome seria pola grand omildade
que ouua uirgen sigo
Muito foi noss amigo

gabriel *quando disse*

Maria

15 **Q**uen uiu nuncamizade que esta semellasse
en dizer tal mandado per que deus sensserasse
eno corpo da virgen *e* que nos amparasse
do mortal ãemigo

Muito foi noss amigo

gabriel *quando disse*

Maria

20 **E**sto non fezera deus sse ante *non* uisse
a bondade da uirgen que per ela comprisse
quanto nos *prometera* segund el ante disse
gran uerdade uos digo

Muito foi noss amigo

gabriel *quando disse*

Maria

25 **E** gabriel por *esto* o angeo deuemos
amar *e* onrrar muito ca per que nos saluemos
este trouxo mandado *e* por que sol *non* demos
pelo demo un figo

Muito foi noss amigo

gabriel *quando disse*

Maria

[120v] miniatura

[121r]

F 97 <CSM 211>

[C]omo santa fez aas abellas que comprissen de cera un ciro pasqual que sse
queimara todo da hũa parte *e* esto foi en elche

Apostos miragres faz toda uia
por nos *e* fremosos santa maria

Fazlos muit apostos por que aiamos
sabor de sabelos *e* os creamos

5 *e fazlos fremosos por que queramos
cobijçar dauar a ssa compania*

*Apostos miragres faz toda uia
por nos e fremosos santa maria*

*P*orend a reynna de piadade
fez un gran miragr en ãa cidade
10 aque dizen elche com en uerdade
achei de gran gente que y auia
Apostos miragres faz todauia

*E*sto foi un dia de pentecoste
que a ssa eigreia uëeron taste
15 domes e molleres come grand oste
por oyr a missa quess y dizia
Apostos miragres faz todauia

*M*ui cantada come en atal festa
e durou atëena mui gran sesta
20 enton uiron cousa mui mãefesta
ond a a gente muito desprazia
Apostos miragres faz todauia

*C*a uiron o ciro pasqual *queimado*
muito dũa parte e mui menguado
25 e desto o poblo foi tan coitado
que cada ãu deles entrestecia
Apostos miragres faz toda uia

*E*les en aquesto assi cuidando
uiron un eixame uïjr uoando
30 dabellas muibrancas *que* entrou *quando*
o crerig a sagra dizer queria
Apostos miragres faz toda uia

E tanto que as abellas chegaram
en ãu furado da paret entraron
35 e ben dali o ciro lauraron

daquela cera que y falecia
 Apostos miragres faz toda uia

Quand aqwesto uiron todalas gentes
e eno miragre meteron mentes
 40 loaron a uirgen *e mais creentes*
quis cada ùu foi que ante creya
 Apostos miragres faz toda uia

E as abellas irssen non quiseron
 mas un gran tempo ali esteueron
 35 *e mel multe cera depois ar fezeron*
que non quedauan a mui gran perfia
 Apostos miragres faz toda uia

[121v] miniatura

[122r]

F 98 <CSM 269>

[*rubrica*]

A que poder a dos mortos deos fazer resorgir
 pod os mudos *e os sordos fazer falar e oyr*

Dest un gran miragre fezo por hũa bõa moller
 a uirgen santa maria que faz muitos quando quer
 5 grandes *e marauillosos e acorr u a mester*
 a aqueles que a chaman ou que a saben servir

A que poder a dos mortos

Aquesta moller auia un fillo que mui gran ben
 queria mais doutra cousa pero non oya ren
 10 nen falaua nemigalla *e a mesqynna por en*
 quant auia Despendera pera fazelo guarir

A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
 pod os mudos *e os sordos fazer falar e oyr*

Pois uiu que lle non prestaua nen meezynna nen al
tornouss a rogar a uirgen a sennor esperital
15 por que sempr a os coitados nunca lles erra nen fal
e vegias das ssas festas iaiũaua sen falir

A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

[122v]

Aque poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

O fillo que era mudo per sinas lle preguntou
por que tanto iaiũaua e ela lle Dessinou
20 que pola virgen bēcita o fazia el fillou
se a iaiũar com ela e mercee lle pedir

A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

Na uoontade per sinas esto con gran deuoçon
mas hũa enfermidade grande llauẽo enton
25 que por morto o teueron seus parentes pero non
lle proug a santa maria que assi fosse fĩr

Aque poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

Ca eno leito iazendo agynna sse foi erger
e falou dereitamente e começou a dizer
30 mia sennora ben uennades e ar com en responder
diz sennor de bõamente o farei eu sen mentir

A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

E Ar diss outra uegada de bõamente verrei
quand esto oyu ssa madre disse como uos direi
35 meu fillo con quen falades diss el nono negarej
falo con santa maria que me fezo resorgir

A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

E me disse deus te salue *e* eu respondi que ben
 fosse uêude ar disse que non leixasse per ren
 40 que me ben non confessasse *e* eu respondi por en
 que me queria de grado dos pecados repentir
A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

Ar dissem outra uegada quesse eu pesseuerar
 en seu seruiço quisesse que me faria leuar
 45 mui ced a o parayso *e* eu logo sen tardar
 respondi que mui de grado queria con ela ir
A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

Des quand aquest ouue dito são do leito sergeu
 que non foi mudo nen sordo mas comeu log e beueu
 50 quand aquesto uiu a gente log aa uirgen rendeu
 loores *e* de nos seia loada se por ben for
A que poder a dos mortos de os fazer resorgir
pod os mudos e os sordos fazer falar e oyr

[123r] miniatura

[123v]

F 99 <CSM 214>

[*rubrica*]

Como a de mais da gente quer gãar per falssidade
 assi quer santa maria gãar per ssa santidade

Ca sse deus deu aas gentes iogos pera alegria
 aueren todo o tornan elas en tafuraria
 5 *e* daquesta guisa queren gãar mais santa maria
 non lle praz de tal gaança mais da que e con uerdade
 [C]omo a de mais da gente quer

E por en contar uos quero miragre que ei oydo
desta razon que a uirgen fez madre do rei *comprido*
10 que por nos *guardar* dinferno foi na cruz morte ferido
e por en se deus uos ualla amigos *ben* mascuitade
Como a de mais da gente quer gãar *per* falssidade
assi quer santa maria gãar per ssa santidade

Dous omes dados iogauan a gran *perfia* prouada
e un deles era rico outro non auia Nada
15 se non quant hũa eigreia conque fazia passada
que fora de seu linnage e del ben come erdade
Como a de mais da gente quer gãar *per* falssidade
assi quer santa maria gãar per ssa santidade⁸⁸

[124r]

F 100 <CSM 339>

[C]omo santa maria guardou hũa naue que non perigoasse no mar *que* ya de
cartagena a Alicante

[E]N quantas guisas os seus acorrer
sab a uirgen non se poden dizer

[C]A acorr en coita e en pesar
e en door aquena uai chamar
5 e acorre nas tormentas do mar
ond un miragre quero retraer
En quantas guisas os seus acorrer

[N]o reino de Murça un lugar e
mui forte e mui nobre e quese
10 sobelo mar e iur en bõa ffe
que muit adur pod om atal ueer
En quantas guisas os seus acorrer

88 Segundo a versión presente no código E faltan sete cobras máis.

este logar Alecante nom a
 e omes per mar muitos uan ala
 15 e per terra ca en logar esta
 das gentes muit y de sa prol fazer
 En quantas guisas os seus acorrer

porend en cartagena se partiu
 hũa naue e eu ui quena uiu
 20 e ynd ala pelo fondo sabriu
 assi que muita dagua foi coller
 En quantas guisas os seus acorrer

[O]s que na naue yan log enton
 a os santos fezeron oraçon
 25 mais ãu ome bõo lles disse non
 a y quen nos possa tanto ualer
 { }

[C]omo a uirgen que madre de deus
 que sempr ajuda e acorr os seus
 30 e por end ora ay amigos meus
 mercee lle peçamos sen lezer
 En quantas guisas os seus acorẽ

e eles o fezeron log assy
 e pois cataron a naue desy
 35 per u entraua a agua e y
 foron todos por conssell y põer
 En quantas guisas os seus acorrer

e o consello deles foi atal
 que sacassen e non fezessem al
 40 a agua da naue mais aque ual
 a os coitados lles foi y ualer
 En quantas guisas os seus acorrer

ca per u a naue se foi abrir
 foi y tres peixes enton ensserir
 45 assi que non pod entrar nen sayr
 agua per y pois nen empecer
 En quantas guisas os seus acorrer

a os da naue foi enton gran ben
quand esto uiron *e* deron poren
50 graças a aquela *que* nos manten
desy foron logo porto prender
En quantas guisas os seus acorrer

en Alecante logo que chegou
a nauu o maestre dela catou
55 per u entrara a ague achou
tres peixes engastoados iazer
En quantas guisas os seus acorrer

[N] A naue que non a tan sabedor
maestre nen tan calafetador
60 que podesse calafetar mellor
per cousa que y podesse meter
En quantas guisas os seus acorrer

[E] nton o maestr os peixes prendeu
e os dous que eran mortos comeu
65 *e* o que ficara morto tendeu
ant o altar polo todos ueer
En quantas guisas os seus acorrer

[N] A eigreia da madre do gran Rei
que fez muitos miragres com eu sei
70 por que a loo sempr e loarej
en quant en aqueste mundo uiuer
{ }

[124v] miniatura

[125r]

F 101 <CSM 336>

[E] sta e como un caualeiro *que* era mui luxurioso per rogo *que* fezo a santa Maria
ouue cambiada a natura que nunca pois catou por tal preito

[B] en como punna o demo en fazernos que erremos
outrossi a uirgen punna como nos derrar guardemos

[C]a assi com ele sempre anda buscando carreiras
 pera mal fazer no mundo falssas *e* mui mentireiras
 5 assi ar busca a uirgen santas *e* mui uerdadeiras
 por que mercee aiamos de deus que sempr atendemos
 [B]en como punna

[E] daquest un gran miragre que oy dizer uos quero
 que fezo hũa uegada marauillose mui fero
 10 a uirgen mui groriosa deque gran mercee aspero
e se ben nos ascuitardes de grado uolo diremos
 [B]en como punna o demo

[125v]
 esto foi dun caualeiro que de coraçon amaua
 a esta mui Groriosa *e* que sempre a loaua
 15 quant el mais loar podia *e* por seu amor ar daua
 a pobres *e* a mesqynnos esto de certo sabemos
 Ben como punna o demo

[E]ste caualeiro era grande aposte fremoso
 mansse de bon talante sen orgulle omildoso
 20 *e* mesurad en seus feitos pero tan luxurioso
 era que mais non podia seer per quant aprendemos
 Ben como punna o demo

[P]ero quando lle nembraua a sennor de ben comprida
 quedauallaquela coita *e* era de bõa vida
 25 mais depois llescaecia como ome que sobrida
e que non e en seu siso *e* de taes connocemos
 Ben como punna o demo

[E]L aquest assi fazendo *e* cono Demo luitando
 non estand en un estado mais caende leuando
 30 uiu en uison a Reynna dos ceos *e* el chorando
 lle disse sennor mercee ca en ti a acharemos
 Ben como punna o demo

[C]Adaque fezer^{mos} erro porend a ta santidade
rogo quem aias *mercee e* pola ta piadade
35 non cates a como s^o mui *comprido* de maldade
eu *e* os mais deste mundo por pecados que fazemos
{ }

[E]Nton a uirgen mui *santa* catoo come sannuda
e dissell a esperan^{ça} que as en mi *e* *perduda*
40 se daquesto que tu fazes teu cora^çon non se muda
e non leixas *aquel* erro que nos muit auorre^{ce}mos
Ben como *punna o demo*

[E]nton diss o caualeiro mia sennor eu s^o uosso
e auos per nulla guisa mentir *non* deuo *nen* posso
45 mais est erro per natura ben des Adan exe nosso
de que non serem^{os} s^os se per uos non guare^{ce}mos
Ben como *punna o demo*

[E]nton lle respondeu a uirgen mui comprida *de* mesura
por que teu *ben* connocemos *e* entendes ta loucura
50 eu farei *que* o meu fillo te cambiara a natura
que ia mais esto *non* fa^ças ca desto poder auemos
Ben como *punna o demo*

[E]nton foiss a uirgen *santa e* logo en outro dia
por poder da groriosa b^êeita santa maria
55 o caualeiro que ante con gran luxuriardia
tornou mais frio ca *neue* nos miragres lo leemos
Ben como *punna o demo*

e viueu de pois sa uida qua manna *deus* quis *e* quanta
mui b^oa assi com ome que sempr en seu *ben* auanta
60 por prazer da groriosa que ao *demo* *quebranta*
aque sempre peccadores por ende loores demos
{ }

[126r] miniatura

[126v]

F 102 <CSM 337>

[C]omo santa maria guareceu un moço que caeu con un caualo de cima dũa ponte
muit alta

[T]An gran poder a a uirgen a os da terra guardar
de mal come aos outros que nunca passaram mar

[E] daquest un gran miragre direi onde deuoçon
aueredes pois loyrdes que contiú a un baron
5 que a ultra mar queria yr e foi y en uison
e uira y muitas cousas mais forono espertar

[T]an gran poder a a uirgen aos da terra guardar
de mal come a os outros que nunca passaram mar

e colleu tal antollança polo fazer entender
que con todos contendia e macar llyan dizer
10 que en ben se soltaria non llo queria creer
ant ya trauar en muitos e dos panos lles tirar
Tan gran poder a a uirgen

[A]ssi que lle los tollia segundo que aprendi
e esta door auia tan forte creed ami
15 que toda ren que achasse enton a redor de ssy
trauaua dela de grado e de pois a Braadar
Tan gran poder a a uirgen

[S]e fillaua mui de rijo segundo aprendi eu
e este Baron auia ãu menynno fillo seu
20 que mui mais casi amaua por end un dia lle deu
un seu caual enque fosse polo mais apessõar
Tan gran poder a a uirgen

e ynd en aquel caualo ouuassi de contecer
que dũa muit alta ponte foi o menynno caer
25 e o caualo con ele e ouueron de morrer
mais o padr abriu a boca e a uirgen foi chamar
Tan gran poder a a uirgen

[D]izend a mui grandes uozes ual me Reynna sennor
enton a uirgen bẽeita que seu fillo saluador
30 tiinna ontre seus braços ouue da uoz tal pauor
como quando rey herodes lles quis seu fillo matar
Tan gran poder a a uirgen

e Mandou a esses santos que o fossen acorrer
que y estauan e ela foi o seu fill asconder
35 con medo daquel braado que o non podess auer
rey herodes e por ende foi logo passar o mar
Tan gran poder a a uirgen

[D]esta guisa con seu fillo fugiu a jerussalen
a uirgen santa Maria e guarriu aca mui ben
40 o menynne o caualo que se non feriron ren
e o padr a bocaberta fillousse deus a loar
Tan gran poder a a uirgen

[A]ssi soub a Groriosa con o seu fill escapar
da boca de rey Herodes que llo queria tragar
45 Tan gran poder a a uirgen aos da terra guardar

[127r] miniatura

[127v]

F 103 <CSM 335>

[rubrica]

[C]om en ssy naturalmente a uirgen a piadade
assi naturalment ama os en que a caridade

en amar os que ben fazen deus non me marauillo
pois aquel que e bondade comprida se fez seu fillo
5 que fez os montes mui grandes e fez o grão do millo
por mostrar en nos sas obras quaes son e ssa bondade

[C]om en ssy naturalmente a uirgen a piadade
assi naturalment ama os enque ac

[E] por dar a cada ùu segundo oque merece
 fez todo quanto ueemos *e* o al que non parece
 10 *e* oque non cree esto muito per fáz gran sandece
e que a cabeça toda ten chëa de vãidade
 Com enssy naturalmente

[E] de tal razon com esta mostraron gran marauilla
 Jesu cristo *e* a uirgen que e sa madre sa filla
 15 eno tempo dos gentijs a un ome en cezilla
 que rico *e* auondado era Dauer *e* Derdade
 Com en ssi naturalmente

[E] pero que gentil era *e* que en deus non cria
 daua de grad aos pobres o mais do que el auia
 20 esto muit a Jesu cristo prougue a santa maria
e a prouar o uëeron por saber en mais uerdade
 Com en ssy naturalmente

[O]nde foi que aquel ome bõo *e* sen tod engano
 quanto de comer auia dera en un mao ano
 25 *e* caro todo a pobres *que* non catou prol nen dano
 quell ende por en uëesse mais *aque* por omildade
 Com en ssy naturalment

[S]oubes de deus seer madre appareceull en figura
 de moller con fill en braço con mui pobre uestidura
 30 *e* Dissell ay ome bõo pera esta creatura
 por deus dadelle *que* comia *e* anos mentes parade
 Com en ssy naturalment

[128r]

[C]om andamos lazerados con est ano tan menguado
 respondeullo ome bõo esto fãria De grado
 35 mais todo quanto tiinna a pobres lo ey ia dado
 diss enton a moller bõa uel da farynna me dade
 Com en ssy naturalmente

[D]eque papelyas faça que de a este menyⁿno
que me non moira de fame ca non peço pan nen uynⁿno
40 o ome bõo con doo dela ergeusse festynⁿno
e fillou a pela Mão e dissell aca entrade
Com en ssy naturalmente

e yrei catar as Arcas se me ficou y farynⁿna
e achou ende mui pouca e fillou a muit agynⁿna
45 en sas mãos e foi logo Dereito a a cozynⁿna
e diss enton a seus omes da agua me caentade
Com en ssy naturalmente

[E]les fezerono Logo e desque foi ben caente
fillouss aquel ome bõo e non quis outro sergente
50 mas el per ssy fez as papas mui ben e apostamente
e leuou as en sa mão de mui bõa voontade
Com en ssy naturalmente

e A bõa moller logo foi catar u a Leixara
pera darll aquelas papas que a seu fill adubara
55 e achar sol nona pode e cuidou que se mudara
por pedir a outras portas e diss a os seus buscade
{ }

hãa moller con seu fillo que agoraqui estaua
eles sse partiron logo e cada ùu a buscaua
60 quanto mais buscar podia mais neũu nona achaua
enton sacordaron todos que fazian neicidade
Com en ssy naturalmente

[B]vscar o que non podian achar per nulla maneira
enton tornaron a ele e disseron uerdadeira
65 mente non ficou nauila Rua nen cal nen carreira
que buscada non aiamos sen duuida end estade
Com en sy naturalmente

[P]ois quell aquesto disseron a ssa casa deu tornada
e achou a toda chãa de trijgue de ceuada
70 e as arcas de farynⁿna chãas e tan auondada

que auondar poderia a todos da cidade

Como en ssy naturalmente

[E]nton aquel bõo ome seue gran peça cuidando
de como uiu este feito e muito mentes parando
75 e fez chamar os gentiles e esteuelles rogando
muito que daquela cousa lle dessen certanidade

Como en ssy naturalmente

[S]e podiauer ontr eles algũa tal deoessa
que fill en braço trouxesse ou que nom auia essa
80 que lla uerdade dissessen e fezolles gran promessa
e eles lle responderon atal allur a catade

{ }

[Q]uandoll est ouueron dito el foi log a os crischãos
e mostroulles este feito e disselles ay irmãos
85 se a ontre uos omagen que non an estes pagãos
de moller con fill en braço de duuida men sacade

Com en ssy naturalmente

[E]les disseron auemos a uirgen mui groriosa
que de deus foi madre filla e criada e esposa
90 e pariu e ficou uirgen cousa mui marauillosa
enton diss o gentil logo a omagen mamosttrade

Com en ssy naturalmente

[E]les log a a eigreia muit agynna o leuaron
e a omagen da uirgen madre de deus lamostraron
95 con seu menyynno en braços e o feito lle contaron
de seu fillo ihesu cristo ome deus en trîjdade

Com en ssy naturalmente

[Q]uand o gentil oyu esto rogou que o batiçassen
e esto foi logo feito e ar rogou que rogassen
100 a uirgen e a seu fillo e consigo o leuassen
quando do mundo saisse a a santa craridade

Com en ssy naturalmente

[E] deste miragre todos deron mui grandes loores
a a uirgen groriosa que e sennor das *sennores*
105 que mostra grandes miragres sempre aos peccadores
por fazer que seian bõos *e* se partan de maldade
{ }

[128v] miniatura

[129r] miniatura

[129v] en branco

[130r] en branco

[130v]

F 104 <CSM 325>

[C]omo santa maria de tudia sancou hũa manceba de catiuo que iazia en taniar

[C]on dereit a uirgen santa a nome strela do dia
ca assi pelo mar grande come pela terra guia

[C]a aque nos abr os braços *e* o inferno nos serra
tan ben faz pelo mar uias come pela chã terra
5 *e* quen aquesto non cree marauillosament erra
e de deus en neun tempo perdon auer non podia

[C]on dereit a uirgen santa a nome strela do dia
ca assi pelo mar grande come pela terra guia

[E] de tal razon com esta direi mui marauilloso
miragre que fez a uirgen *e* doyr mui saboroso
10 *e* quen parar y ben mentes terrao por piadoso
e auera mais fiança eno seu ben todauia

[C]on dereit a uirgen santa a nome strela do dia
ca assi pelo mar grande come pela terra guia

[131r] ⁸⁹

nA terra daffrica ouue en taniar hũa catiua
moller aque dauan pẽa cada dia muit esquiuua
15 con pouco pan *e* mui mao *e* mui mais morta ca uiua

⁸⁹ Neste folio foron copiadas seis cobras (a ultima incompleta) na parte superior das tres columnas, que permanecen sen texto na metade inferior.

era se lle non ualuesse a uirgen santa maria

{ }

aquesta natural Era do gran reino de seuilla
dun logar en *que* miragres faz a de *deus* madr e filla

20 que tudia e chamado *e* Doyr a marauilla
que auco Deste feito muito mende prazeria

{ }

[]

a HŪA disse con Medo que o faria De grado
mais a outra mui sannuda disse sol non e penssado

40 ca mia alma *e* meu corpo todo ey acomendado
a a Eigreja da madre de deus que e en Tudia

a [] { }

a Moura con mui gran sanna mandauaas log essa ora
na carcer deitar ontr *ambas* mais aquela *sen* demora

45 adormeceu *e* a uirgen lle Disse sal aca fora
deste logar *e* trei migo ca eu te porrei na uia

{ }

[]

e pois entrou ena vila foisse log a a Eigreja
da uirgen santa maria que e bẽeita *e* seia

65 *e* uiu estar aiuntada y mui gran gente sobeia
e de com o feito fora todo llelo retraya

{ }

e Eles grandes loores deron logo da primeira
a a virgen groriosa madre de *deus* uerdad

[]⁹⁰

[131v] en branco

⁹⁰ Falta parte desta cobra, o refrán e tres cobras que non foron copiadas no que queda de columna.

